Tal e como se pode constar na **táboa 3.7**, o tamaño medio oscila moito en función do tipo de cooperativas. Por enriba do valor medio, as cooperativas de segundo grao e as mixtas de traballo asociado, con máis de 78 socios e socias fundadoras, achegan o maior número de persoas socias de media. As cooperativas de consumidores e usuarios seguen na clasificación, con algo máis de 46 fundadores por temo medio, seguidas das cooperativas de servizos (38), vivenda (35) e as agrarias (34,4). No outro extremo, as cooperativas de transportistas e as xuvenís de explotación da terra teñen menos de 3 persoas fundadoras, en media.


Táboa 3.7. Número de socios fundadores por tipo de cooperativa (2018)

	Número de persoas socias fundadoras	Media
Mar	255	12,14
Agrarias	11.458	34,41
Consumidores e Usuarios	972	46,29
Crédito	10.009	10.009,00
Ensino	86	8,60
Ensino-T A	62	7,75
Explotación comun. da terra	663	14,73
Integración social	22	11,00
Total Mixta de traballo asociado	157	78,50
Segundo Grao	1.030	79,23
Servizos	1.028	38,07
Servizos Sociais-T A	19	4,75
Traballo asociado	3.902	5,55
Transportistas	635	15,12
Transportistas de servizos	15	2,50
Transportistas-T. A	17	5,67
Vivendas	2.759	35,37
Xuvenil de Explotación da terra	3	3,00
Xuvenil TA	52	3,71
TOTAL	33.144	24,85

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

O **gráfico 3.12**, pola súa banda, amosa que o maior número de socios e socias fundadores de cooperativas atópase nas cooperativas agrarias, seguidas das de traballo asociado. Entre estas dúas tipoloxías achéganse preto do 65 % dos socios fundadores de cooperativas en Galicia, activas en 2018.

Gráfico 3.12. Participación de persoas socias das cooperativas activas galegas por tipo de cooperativa (2018)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Os datos do Rexistro Galego de cooperativas non inclúen en todos os casos a desagregación por sexo dos socios fundadores. Tendo en conta a dita limitación, a análise das 529 cooperativas activas das que se dispoñen datos desagregados amosan que, de media, as mulleres constitúen preto do 37 % das persoas socias fundadoras das cooperativas (**táboa 3.8**). Neste contexto, destaca o número de socias nas cooperativas de servizos sociais e ensinanza, aínda que deben ser ponderados co limitado número de cooperativas das que hai datos dispoñibles. Nas cooperativas con maior número de socios fundadores (agrarias e de traballo asociado) as mulleres contribúen cun 36,7 % e cun 35,5 % respectivamente.

Táboa 3.8. Número de socios fundadores por tipo de cooperativa. Desagregación por sexo (2018)

CLASE	Nº cooperativas	Total Socios	Homes	Mulleres	
				N	%
Mar	7	142	116	18	12,68
Agraria	105	4.339	2.257	1.722	39,69
Consumidores e usuarios	10	444	238	204	45,95
Ensinanza	2	23	7	16	69,57
Ensinanza de traballo asociado	1	3	3	0	0,00
Explotación comunitaria da terra	17	201	125	75	37,31
Mixta de traballo asociado	1	150	113	35	23,33
Servizos	3	24	10	1	4,17
Servizos sociais	1	4	1	3	75,00
Traballo asociado	303	1.148	736	407	35,45
Transportistas	15	187	141	13	6,95
Transportistas de servizos	4	15	12	0	0,00
Transportistas de traballo asociado	1	3	2	1	33,33
Vivendas	46	943	612	331	35,10
Xuvenil de explotación comunitaria da terra	1	3	3	0	0,00
Xuvenil de traballo asociado	12	46	33	13	28,26
Total	529	7.675	4.409	2.839	36,99

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Para finalizar este apartado, a **táboa 3.9** proporciona o número de socios fundadores das cooperativas activas en Galicia en 2018, clasificadas por grupos de tamaño. Constátase o tamaño relativamente pequeno das cooperativas: o 30 % ten entre 0 e 3 socios fundadores, e algo máis do 68 % do total de cooperativas ten menos de 10 persoas socias fundadoras. En función do tipo de cooperativa, as agrarias e de traballo asociado -que foron sinaladas con anterioridade como as de maior presenza no tecido cooperativo- responden a dito tamaño relativamente pequeno, en particular as de traballo asociado, onde o 46,66 % teñen entre 0 e 3 socios fundadores. Ademais, cabe sinalar que das 35 cooperativas que contan con 2 socios fundadores⁶, 30 son de traballo asociado, o que reforza a dita tendencia ao pequeno tamaño desta tipoloxía de cooperativa.

No que se refire ás cooperativas agrarias, o grupo máis numeroso (126 cooperativas, case un 38 %) conta con entre 4 e 9 socios fundadores. Este é, tamén, o número de socios fundadores máis frecuente na meirande parte das cooperativas, con excepción das de consumidores e usuarios (entre 10 e 15 socios fundadores) e a xa comentada excepción da cooperativa de crédito.

Táboa 3.9. Número de socios fundadores por tipo de cooperativa e tamaño (2018)

	CA	TA	E	V	CeU	EC	Mar	SG	ST	OU	TOTAL
Entre 0 e 3	14	349	2	7	0	0	2	2	4	13	393
De 4 a 9	126	294	9	23	2	28	11	6	12	8	519
De 10 a 15	72	58	7	11	5	5	4	0	7	0	169
De 16 a 20	32	18	0	4	0	2	2	2	2	1	63
De 21 a 25	14	13	0	4	4	3	0	0	3	0	41
De 26 a 49	30	13	0	11	4	5	1	1	3	0	68
De 50 a 75	11	2	0	8	1	1	0	0	1	0	24
De 76 a 100	7	1	0	2	2	0	1	1	0	0	14
De 100 a 149	13	0	0	4	2	1	0	0	0	0	20
Máis de 150	14	0	0	4	1	0	0	1	1	2	23

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas


NOTA : CA: Agrarias; TA: Traballo asociado (incluídas as cooperativas de transportes e excluídas as cooperativas de ensino de traballo asociado); E: Ensino; V: Vivenda; CEU: Consumidores e usuarios; EC: Explotación comunitaria da terra; M: Mar; SG: Segundo grao; ST: Servizos e transportes; OU: Outras (inclúe a Caixa Rural, Servizos Sociais e Integración Social de Traballo, ensino -de traballo social-, educativas, e de crédito, seguros e sanitarias a partir de 2010)

⁶ O número de persoas socias foi modificado pola Lei 14/2011, do 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia (DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2012) e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (DOG núm 203, do 25 de outubro). Na actualidade, o dito número mínimo é de dúas persoas (dúas persoas xurídicas para o caso de cooperativas de segundo grao). O obxectivo de esta modificación era facilitar a creación de sociedades cooperativas. Os primeiros datos apuntan a que as cooperativas de traballo asociado son as primeiras beneficiarias desta modificación.

3.6. Distribución das cooperativas activas en Galicia por actividade económica (2018)

O **gráfico 3.13** recolle a participación relativa das sociedades cooperativas en función do seu sector de actividade. A meirande parte destas sociedades opera no sector servizos, en concordancia co seu peso relativo na economía galega. Porén, cabe destacar que a importancia relativa das cooperativas de cada sector no conxunto total de cooperativas difire da estrutura económica xeral da comunidade galega.

Gráfico 3.13. Cooperativas por sector de actividade (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

A **táboa 3.10** permite contextualizar a dita distribución, incluíndo diferentes indicadores de actividade económica distribuídos por sectores económicos. Así, pódese comprobar que a achega global das sociedades cooperativas do sector primario –agricultura e pesca– (32,23 %) é moi superior á importancia relativa do sector no conxunto da economía galega, onde significa o 4,78 % do PIB galego, o 6,25 % da poboación ocupada e aglutina o 16,53 % do total de empresas galegas. Pola súa banda, o número de cooperativas da construción é tamén superior ao que lle correspondería en función do resto de parámetros de presenza na actividade económica, aínda que cunha diferenza menor que a atopada no sector primario. Así e todo, tanto no sector industrial como no de servizos, a presenza de sociedades cooperativas é inferior que a que teñen no conxunto da economía galega.

Táboa 3.10. Distribución de cooperativas por sector (2018)

	% Cooperativas	% PIB ⁽¹⁾	% Poboación Ocupada ⁽²⁾	% Total de empresas ⁽³⁾
Sector Primario	32,23	4,79	6,25	16,53
Sector Secundario	12,519	17,080	15,596	6,011
Construción	10,34	6,69	6,16	12,87
Servizos	44,903	62,290	71,997	64,589


⁽¹⁾ Fonte: INE, Contabilidade Nacional, 4T 2018

⁽²⁾ Fonte INE: EPA, 4T 2018

⁽²⁾ Fonte INE: DIRCE, 4T 2018

A comparación da distribución das cooperativas por sector económico en 2010 e a actualidade (**gráfico 3.14**) revela que, no que levamos de década, as cooperativas de servizos van gañando importancia relativa en detrimento da presenza de cooperativas noutros sectores de actividade. A perda relativa de maior importancia obsérvase no sector secundario, mentres o de construción presenta a situación de maior estabilidade.


Gráfico 3.14. Cooperativas por sector de actividade. Evolución (2010-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas e o Informe de Síntese das cooperativas (2013)

Os datos do **gráfico 3.15**, que reflicten as tendencias na creación de cooperativas por sector de actividade dende o ano 1990, confirman o sostido incremento de presenza das economías de servizos, con moita claridade dende o ano 2007.

Gráfico 3.15. Creación de cooperativas por sector de actividade. Evolución (1990-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas e o Informe de Síntese das cooperativas (2013)

Táboa 3.11. Distribución de cooperativas por actividade económica principal (2018)

Actividade económica	N
A - AGRICULTURA, GANADERÍA, SILVICULTURA E PESCA	426
B - INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	4
C - INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	164
D - SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	1
E - SUMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	2
F - CONSTRUCCIÓN	138
G - COMERCIO AO POR MAIOR E AO POR MENOR; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	148
H - TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	66
I - HOSTELERÍA	37
J - INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	26
K - ACTIVIDADES FINANCIERAS E DE SEGUROS	2
L - ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	6
M - ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	84
N - ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	30
P - EDUCACIÓN	90
Q - ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	38
R - ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	38
S - OUTROS SERVIZOS	30
T - ACTIVIDADES DOS FOGARES COMA EMPLEADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO; ACTIVIDADES DOS FOGARES COMA PRODUCTORES DE BENS E SERVIZOS PARA USO PROPIO	2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

A desagregación das cooperativas por actividade económica principal (táboa 3.11) permite observar unha alta concentración de cooperativas destinadas a actividades agrícolas, gandeiras, de silvicultura e pesca. Case o 32 % das cooperativas activas en 2018 enmárcanse nas devanditas actividades, cunha presenza destacada das cooperativas que combinan a produción agrícola coa gandeira (161 sociedades, un 12 % do total). A

continuación, pero xa a distancia considerable, figuran as cooperativas que se dedícanse á industria manufactureira (12,3 % do total), seguidas das que rexistran actividade comercial (11,09 %). Se lle engadimos as cooperativas que rexistran como actividade principal a construción (138, un 10,34 %) atopamos que máis da metade das cooperativas galegas con actividade en 2018 concéntranse nas ditas actividades.

A **táboa 3.12** permite afondar nesta información, aumentando o nivel de desagregación da actividade económica principal para aquelas actividades que agrupan máis de dez cooperativas activas en 2018. Esta información permite constatar o pulo do sector primario, con presenza en 8 das actividades principais e un total de 342 cooperativas (48,5 % das implicadas nesta clasificación). Tal e como se comentou previamente, entre as actividades do sector primario destacan as cooperativas de agroalimentarias, seguidas das que realizan actividades de apoio á agricultura e ganderaría. No eido da silvicultura, destacan as cooperativas implicadas en cultivos non perennes.

Táboa 3.12. Cooperativas por actividade económica (2018)

Actividade Económica	N
0150 - Producción agrícola combinada coa produción gandeira	161
1419 - Confección doutras pezas de vestir e accesorios	41
0161 - Actividades de apoio á agricultura	37
4121 - Construción de edificios residenciais	37
011 - Cultivos non perennes	36
494 - Transporte de mercadorías por estrada e servizos de mudanza	35
016 - Actividades de apoio á agricultura, á ganderaría e de preparación posterior á colleita	33
0141 - Explotación de gando bovino para a produción de leite	29
4520 - Mantemento e reparación de vehículos de motor	27
85 - Educación	24
4122 - Construción de edificios non residenciais	22
01 - Agricultura, ganderaría, caza e servizos relacionados con estas	21
6920 - Actividades de contabilidade, contabilidade de libros, auditoría e asesoría fiscal	16
8553 - Actividades das escolas de condución e pilotaxe	16
4110 - Promoción inmobiliaria	15
4941 - Transporte de mercadorías por estrada	15
8559 - Outra educación n.c.o.p.	15
8811 - Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores	15
412 - Construción de edificios	14
9329 - Outras actividades recreativas e de entretemento	14
0162 - Actividades de apoio á ganderaría	13
5630 - Establecementos de bebidas	13
9602 - Peiteado e outros tratamentos de beleza	13
03 - Pesca e acuicultura	12
1413 - Confección doutras pezas de vestir exteriores	11
41 - Construción de edificios	10
5610 - Restaurantes e postos de comidas	10

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

No relacionado co sector manufactureiro, destacan as cooperativas do sector téxtil. Estas sociedades, aínda que achegan unicamente o 4% do total de cooperativa activas, constitúen case o 32 % do total de cooperativas do sector industrial.

No eido da construción, destacan as sociedades dedicadas á construción de edificios residenciais (37 cooperativas, un 27 % das incluídas nesta actividade principal), mentres que as cooperativas de transporte e as do eido educativo son as máis destacadas entre os servizos.

3.7. Conclusións

- A 31 de decembro de 2018 hai 1.334 cooperativas activas en Galicia. O ritmo de creación de novas cooperativas presenta un incremento notable no recente 2018, despois de tres anos de caída continuada.
- As cooperativas galegas contribúen cun 4,7 % do total de cooperativas inscritas na seguridade social en España, unha cantidade inferior á que lle correspondería en proporción á súa participación no PIB, na poboación estatal e no conxunto de empresas do Estado.
- As experiencias cooperativas presentan unha idade media alta: máis do 60 % das sociedades cooperativas activas en 2018 teñen unha antigüidade superior aos dez anos, o que suxire capacidade de resistencia e indica certa viabilidade das sociedades.
- A distribución territorial das cooperativas reproduce as dinámicas recentes de polarización da comunidade galega. Así, case sete de cada dez cooperativas activas localízanse nas provincias atlánticas e un incremento da importancia das cooperativas urbanas en detrimento das localizadas en áreas rurais. Neste contexto, Vigo e a súa comarca se revelan como un importante motor do cooperativismo, ante o aumento recente da súa participación relativo no tecido cooperativo.
- Se destaca, ademais, que máis do 80% dos concellos galegos teñen a lo menos unha sociedade cooperativa, o que indica a potencialidade desta figura societaria para a súa contribución a redistribución do equilibrio territorial da actividade económica.
- Máis do 75 % das cooperativas galegas activas en 2018 concéntranse en dúas clases: as de traballo asociado e as cooperativas agrarias. A dinámica recente apunta á mellora da presenza das primeiras, cuxa participación relativa aumenta de xeito notable no que levamos de década.
- Detéctase que existe unha ampla marxe de mellora na constitución e consolidación de cooperativas vinculadas a sectores estratéxicos da economía galega, como as cooperativas do mar e de explotación en común da terra. Igualmente, Detéctase unha baixa incidencia dos procesos de consolidación de cooperativas, en concreto, a creación de cooperativas de segundo grao.
- No que se refire a o número de persoas socias, destaca o volume de socios fundadores nas cooperativas agrarias. A análise dos datos nas cooperativas que presentan

desagregación por sexo do número de socios revela que a presenza feminina acadou o 37 %, destacando o número de socias nas cooperativas de consumidores e usuarios (próxima ao 46 %).

- Case a metade das cooperativas activas sitúanse no sector servizos, pero cabe destacar que as que teñen actividades vencelladas a o sector primario teñen unha importancia relativa moi superior á que lle correspondería en función dos parámetros indicativos da representación do sector na actividade económica da comunidade autónoma galega.
- Finalmente, destaca a concentración de actividade das cooperativas en torno a tres actividades: a agricultura e a gandería, a industria manufactureira -fundamentalmente téxtil- e comercio ao por maior.

4. AS SOCIEDADES LABORAIS

4.1. Concepto

Segundo recolle o Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, as Sociedades Laborais poden ser Sociedades Anónimas ou de Responsabilidade Limitada, que se caracterizan polos seguintes requisitos:

- 1 “Polo menos a maioría do capital social é propiedade de traballadores que prestan nelas servizos retribuídos de forma persoal e directa, en virtude dunha relación laboral por tempo indefinido.
- 2 Ningún dos socios é titular de accións ou participacións sociais que representan máis da terceira parte do capital social, salvo que:
 - A sociedade laboral constitúase inicialmente por dous socios traballadores con contrato por tempo indefinido, na que tanto o capital social como os dereitos de voto estarán distribuídos ao cincuenta por cento, coa obrigaón de que no prazo máximo de 36 meses axústense aos límites legais establecidos.
 - Se trate de socios que sexan entidades públicas, de participación maioritariamente pública, entidades non lucrativas ou da economía social, nese caso a participación poderá superar devandito límite, sen alcanzar o 50% do capital social.
- 3 O número de horas/ano traballadas polos traballadores contratados por tempo indefinido, que non sexan socios, non é superior ao 49% do cómputo global de horas-ano traballadas na sociedade laboral polo conxunto dos socios traballadores. Non computará para o cálculo deste límite o traballo realizado polos traballadores con discapacidade de calquera clase en grao igual ou superior ao 33%.”

Así, forman parte dunha Sociedade Laboral:

- Os socios traballadores, que prestan os seus servizos retribuídos de forma directa e persoal, son propietarios de participacións sociais, que no seu conxunto, suporán algo mais do 50% do capital social (que poden ser accións nominativas ou participacións sociais, neste caso nomeadas “clase laboral”). A súa relación laboral é por tempo indefinido.
- Os socios non traballadores que poden ser persoas físicas ou xurídicas propietarios de accións ou participacións sociais e sen relación laboral coa sociedade (as accións ou participacións destes socios noméanse “clase general”).

Para a constitución dunha Sociedade Anónima Laboral o capital mínimo é de 60.000 euros, cunha subscrición (e desembolso) de, polo menos, o 25% de cada acción. Nas limitadas o capital mínimo é de 3.000 pero debe estar totalmente subscrito e desembolsado.

A Sociedade Laboral é unha fórmula de auto emprego recoñecido no artigo 129.2 da Constitución Española que, segundo recolle Monzón (2010, 355) xurde para dar saída a situacións de crises en sociedades preexistentes que, baixo esta fórmula, pode ser adquirida polos propios traballadores aínda que, despois da aprobación da primeira lei (15/1986 de Sociedades Anónimas Laborales), constátase que moitas das constituídas son de nova creación polo que non supoñen a reconversión de empresas en crises.

Tal e como se recolle en Chaves, Juliá e Monzón (2018), a evolución no tempo deste tipo de sociedades foi desigual e tiveron o seu maior auxe a partir da aprobación da Lei 4/1997 de 24 de Sociedades Laborais, que permitiu constituír, ademais das Sociedades Anónimas Laborais (SAL), as Sociedades de Responsabilidade Limitada Laboral (SLL) e con menor esixencia de capital social mínimo, acadando o máximo histórico, en España, na creación destas sociedades no ano 2002. A partir dese ano, e sobre todo, despois da crise económica do 2008, as SAL (ao igual que aconteceu nas outras sociedades mercantís) se produce un traslado de creación dende SAL a SLL. Pero, ademais do cambio de modalidade na fórmula societaria, tamén produciuse unha caída de creación absoluta destas sociedades laborais.

No ano 2015 aprobouse unha nova lei, a 44/2015 de 14 de outubro de Sociedades Laborales y Participadas, para adecuar a existente, aos cambios normativos producidos nestes anos, onde se recolle estas sociedades como entidades da economía social e que, polo tanto, actualiza e mellora a lexislación anterior.

Hai que sinalar que, a pesar da caída do número de Sociedades Laborais, estas seguen a ser a segunda familia máis importante dentro da ES en España.

4.2. Principais datos

Neste apartado, recóllense os principais datos relativos as Sociedades Laborais galegas para os anos 2016 e 2018, diferenciando entre as Sociedades Anónimas Laborais (SAL)

e as Sociedades de Responsabilidade Limitada Laborais (SLL) para Galicia (e as súas provincias), a Comunidade Valenciana e o total de España: número de sociedades (e as súa porcentaxe sobre o total) e o número de empregos (e a media do emprego). Así mesmo, analízanse a evolución das sociedades rexistradas anualmente (número de entidades e de socios iniciais), facendo una comparativa coa media española. Tamén se inclúe a evolución da creación neta de sociedades e a aportación das mesmas ao Valor Engadido Bruto da Comunidade Autónoma e de España.

No ano 2018 en Galicia había 473 sociedades laborais inscritas na Seguridade Social o que supón unha redución de 46 sociedades con relación ao ano 2016. A mesma evolución seguen as sociedades en España (que pasan de 9.787 no ano 2016 a 8.725 no 2018) e na Comunidade Valenciana (de 796 a 673). En calquera caso, a redución é menor en Galicia xa que supón unha taxa de variación media anual do -5%, fronte ao -6% que se produce en España e o -8% no caso valenciano. As SL galegas representan o 5,5% das Españolas fronte ao 7,7% que representan as valencianas, sendo ambas representacións menores que as que supoñen o conxunto de empresas en ambas comunidades, segundo datos do INE⁷, 6% no caso galego e 10,7% no caso valenciano.

En termos de emprego, no ano 2018, en Galicia 2.597 persoas traballan nunha sociedade laboral, o que supón unha media de 5,5 empregos/sociedade. Con relación ao ano 2016 pérdense 43 empregos, o que supón unha variación media anual do -1% (menor que a sufrida polas entidades). Galicia representa o 4,2% do emprego das sociedades laborais en España, polo que o seu peso é inferior o que supón os ocupados (segundo a EPA do 4º trimestre do ano), o 5,6%. A Comunidade Valenciana, pola súa banda, empregou a 356.480 persoas nestas sociedades, cunha variación anual do -6% con relación ao 2016, e representando o 10,7% deste emprego no total nacional, lixeiramente superior ao 10,5% que supoñen os ocupados segundo a EPA.

Por provincias, Pontevedra é a que posúe a maior porcentaxe de entidades e de traballadores (38,3% e 40,1%) o que supón 181 sociedades e 1.042 empregos, cunha media de empregos superior a media galega (5,8). Coruña é a segunda provincia en volume: 160 sociedades (o 33,8%) e 899 empregos (o 34,6%), tendo unha media de empregos de 5,6. Lugo, con 54 sociedades e 374 empregos, destaca por ter a maior media de empregos, 6,9, o que a sitúa preto da media nacional (7,1). No polo oposto, atopamos a Ourense que con 78 entidades e 282 empregos tería unha media de 3,6 empregos/sociedade, moi afastada da media galega.

Con relación ao ano 2016, Lugo e a provincia que máis entidades perde de forma relativa, ao presentar unha taxa de variación media anual do -10%, seguida de Ourense (-5%), mentres que A Coruña e Pontevedra presentan unha variación do -3%. En termos de emprego, os resultados son mellores, a variación media en todas as provincias, agás Pontevedra, e do -2% anual. En Pontevedra a variación é do -0,3% de media anual.

7 Explotación estatística do Directorio Central de Empresas- DIRCE.

Se analizamos a forma xurídica destas sociedades, vemos que a menor porcentaxe a presentan as SAL, sendo o 6,6% das entidades galegas no ano 2018, o 10,4% en España e o 9,4% na Comunidade Valenciana. En termos de emprego, presentan, en todos os casos, medias de traballadores/sociedade maiores que as SLL: 13,1 en Galicia fronte a 5; 15,4 en España, fronte a 6,2 e 13,3 no caso valenciano fronte a 6,8.

Por provincias A Coruña e Pontevedra son as que presentan un maior peso de SAL (8,2%) pero son as de Lugo e Ourense as que presentan unha maior media de empregos por sociedade, 22 e 21,5 (debido, fundamentalmente a que só está inscrita unha SAL en Lugo e dúas en Ourense).

Táboa 4.1. **Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social, activas a 31 de decembro e número de empregos. Anos 2016 e 2018**

Provincia/CC.AA.	S.A. Laborais				S.L. Laborais				Total		
	Sociedades	% sobre total	Empregos	Media empregos	Sociedades	% sobre total	Empregos	Media empregos	Sociedades	Empregos	Media empregos
AÑO 2016											
A Coruña	14	8.2	116	8.3	157	91.8	825	5.3	171	941	5.5
Lugo	1	1.5	22	22.0	66	98.5	335	5.1	67	357	5.3
Ourense	2	2.3	43	21.5	85	97.7	250	2.9	87	293	3.4
Pontevedra	16	8.2	238	14.9	178	91.8	811	4.6	194	1.049	5.4
GALICIA	33	6.4	419	12.7	486	93.6	2.221	4.6	519	2.640	5.1
ESPAÑA	1.046	10.7	15.251	14.6	8.741	89.3	48.684	5.6	9.787	63.935	6.5
COM VALENCIANA	71	8.9	908	12.8	725	91.1	4.369	6.0	796	5.277	6.6
AÑO 2018											
A Coruña	12	7.5	106	8.8	148	92.5	793	5.4	160	899	5.6
Lugo	2	3.7	38	19.0	52	96.3	336	6.5	54	374	6.9
Ourense	2	2.6	34	17.0	76	97.4	248	3.3	78	282	3.6
Pontevedra	15	8.3	227	15.1	166	91.7	815	4.9	181	1.042	5.8
GALICIA	31	6.6	405	13.1	442	93.4	2.192	5.0	473	2.597	5.5
ESPAÑA	908	10.4	13.982	15.4	7.817	89.6	48.193	6.2	8.725	62.175	7.1
COM VALENCIANA	63	9.4	838	13.3	610	90.6	4.137	6.8	673	4.975	7.4

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

http://www.mitrmiss.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/EconomiaSocial/estadisticas/

A tendencia a constituír un menor número de sociedades anónimas ven determinado, entre outras razóns, pola menor esixencia de capital social nas limitadas que, ademais, responden á realidade empresarial galega, e Española, cun maior volume de PEMES e, sobre todo, de micro empresas.

Táboa 4.2. Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social, activas a 31 de decembro e número de empregos. 2009-18

Ano	Galicia			España			Comunidad Valenciana		
	Sociedades	Empregos	Media traballadores	Sociedades	Empregos	Media traballadores	Sociedades	Empregos	Media traballadores
2009	856	4.082	4,8	15.679	88.241	5,6	1.239	6.817	5,5
2010	791	4.085	5,2	14.574	81.772	5,6	1.140	6.238	5,5
2011	709	3.326	4,7	13.465	74.438	5,5	1.048	5.255	5,0
2012	669	3.113	4,7	12.294	67.445	5,5	986	5.069	5,1
2013	618	2.861	4,6	11.322	63.472	5,6	889	4.911	5,5
2014	582	2.651	4,6	10.828	63.536	5,9	868	5.218	6,0
2015	539	2.667	4,9	10.313	64.484	6,3	835	5.291	6,3
2016	519	2.640	5,1	9.787	63.935	6,5	796	5.277	6,6
2017	481	2.658	5,5	9.234	63.471	6,9	729	5.108	7,0
2018	473	2.597	5,5	8.725	62.175	7,1	673	4.975	7,4


Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/EconomiaSocial/estadisticas/

No gráfico 4.1 obsérvase a tendencia decrecente na creación deste tipo de sociedades tanto en Galicia como na Comunidade Valenciana ou en España.

En Galicia pásase das 856 sociedades existentes no ano 2009 as 476 do ano 2018, polo que hai 383 sociedades menos cunha taxa de variación media anual de -6,4% cifra moi similar a que presentan a Comunidade Valenciana (-6,3%) e a media estatal (-6,6%).


Gráfico 4.1. Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social, activas en Galicia, na Comunidade Valenciana e en España no período 2009-18



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

(http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/EconomiaSocial/estadisticas/)

Gráfico 4.2. Número de empregos nas Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social, activas en Galicia, na Comunidades Valenciana e en España no período 2009-18



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

(http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/EconomiaSocial/estadisticas/)


Con relación ao emprego, nestas sociedades, a tendencia é a mesma, salvo no ano 2015 que en España e na Comunidade Valenciana increméntase lixeiramente o número de persoas que traballan nas Sociedades Laborais (en Valencia tamén houbo un pequeno aumento no ano 2014), incluso nos anos nos que xa se superou a crise económica.

Así en Galicia no ano 2009 traballaban 4.082 persoas nas SAL e as SLL pasando a 2.597 no ano 2018 o que supón unha taxa media de variación anual de -4,9%. A menor redución do número de traballadores en comparación co número de sociedades fixo que a media de traballadores nestas sociedades aumentou dende os 4,8 no inicio do período aos 5,5 no final do mesmo.

O mesmo acontece en España, aínda que a redución foi menor que no caso galego: dende os 88.241 do ano 2009 aos 62.175 do 2018, o que supón unha taxa de variación anual media de -3,8%. O incremento da media de traballadores foi, tamén, maior pasando dos 5,6 do ano inicial aos 7,1 do ano 2018, o que supón 1,6 traballadores máis que a media galega. Na Comunidade Valenciana a redución de traballadores foi, incluso, menor que no caso español (-3,4% de media anual) e a media de traballadores por entidade é superior (7,4).

No seguintes gráficos recóllense a evolución do número de Sociedades Laborais rexistradas e o número de socios iniciais en Galicia e en España no período 2009-2018.

Gráfico 4.3. Sociedades Laborais rexistradas anualmente 2009-18: Galicia e España



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

<https://expinterweb.empleo.gob.es/series/>

Se analizamos o número de Sociedades Laborais rexistradas entre os anos 2009 e 2017 pódese observar que en España a tendencia era a mesma que cando analizábase os datos relativos as sociedades inscritas (o mesmo acontece na Comunidade Valenciana ata o ano 2016, último analizado no libro Branco desta comunidade; Chaves, Juliá e Monzón, 2018). Sen embargo, no ano 2018 apréciase un cambio na tendencia dos últimos anos, ao incrementarse case no 5% o número de sociedades rexistradas.

En Galicia apréciase un incremento no rexistro destas sociedades entre os anos 2009 e o 2012, caendo posteriormente ata o ano 2017 e, no ano 2018, volve a aumentar o rexistro de Sociedades Laborais de forma moito máis importante que en España (máis do 50% ao pasar das 29 rexistradas no 2017 as 45 no ano 2018, sendo este crecemento moito máis elevado que no caso español).


A variación media anual no período foi de -13% en España (xa que pasou de 1.225 rexistros no ano 2009 aos 347 no 2018), pero en Galicia a variación media anual foi de 4% (ao pasar dos 31 rexistros no ano 2009 aos 45 do 2018).

Se analizamos o número de socios iniciais en España o resultado da análise e a mesma que no número de sociedades, aínda que a perda relativa en España foi maior (cunha taxa de variación anual media de case o -15%) que no caso galego (onde a variación media anual foi positiva, de 1,4%).

Dada esta variación Galicia pasa de representar o 2,5% das entidades e de socios en España no ano 2009 ao 13% no 2018 e o 13% das sociedades e o 12% dos socios en 2018.

No caso do número medio de socios, no ano 2009 estaríamos falando de 3,9 en Galicia e en España diminuíndo lixeiramente ata os 3,1 en Galicia e os 3,3 en España no ano 2019, co que, practicamente, coincide co mínimo legal esixible na constitución destas sociedades (3).

Gráfico 4.4. Número de socios iniciais nas Sociedades Laborais rexistradas anualmente 2009-2018: Galicia e España



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

<https://expinterweb.empleo.gob.es/series/>

A continuación analizarase a creación neta de Sociedades Laborais en Galicia e en España no período 2009-18, información que se recolle na Táboa 4.3.

Así, podemos coñecer, en primeiro lugar, as sociedades que anualmente danse de baixa sumando as sociedades activas a primeiros de ano as novas sociedades rexistradas ao que lle restaremos o número de sociedades dadas de baixa nese ano. A creación eta de sociedades virá dado pola diferenza entre as sociedades creadas (as rexistradas) e as dadas de baixa.

Así, podemos ver que, o longo de todo o período analizado, a creación neta de sociedades e negativa, tanto en Galicia como en España, pero o valor vai descendendo o longo da serie. En Galicia pátrese dun valor de -115 a -8 no último ano.

En termos relativos pódese observar que en Galicia, partindo dun valor mais elevado que España (-11,8% de creación neta de sociedades con relación as sociedades activas a principios de ano), con oscilacións ao longo do período, acada un valor de -1,7 no ano 2018 fronte ao -5,5 de España o que ven a amosar que a creación neta de Sociedades Laborais está a evolucionar máis positivamente na nosa Comunidade Autónoma.

Táboa 4.3. Creación neta de Sociedades Laborais en Galicia e en España durante o período 2009-18

GALICIA						
Año	Sociedades activas 01/01	Novas sociedades rexistradas	Sociedades activas 31/12	Sociedades dadas de baixa	Creación neta de sociedades	% Creación neta de sociedades
2009	971	31	856	146	-115	-11,8
2010	856	47	791	112	-65	-7,6
2011	791	48	709	130	-82	-10,4
2012	709	60	669	100	-40	-5,6
2013	669	45	618	96	-51	-7,6
2014	618	42	582	78	-36	-5,8
2015	582	35	539	78	-43	-7,4
2016	539	29	519	49	-20	-3,7
2017	519	29	481	67	-38	-7,3
2018	481	45	473	53	-8	-1,7
ESPAÑA						
2009	17651	1225	15.679	3.197	-1.972	-11,2
2010	15.679	1252	14.574	2.357	-1.105	-7,0
2011	14574	1145	13.465	2.254	-1.109	-7,6
2012	13.465	1006	12.294	2.177	-1.171	-8,7
2013	12294	892	11.322	1.864	-972	-7,9
2014	11.322	770	10.828	1.264	-494	-4,4
2015	10828	515	10.313	1.030	-515	-4,8
2016	10.313	417	9.787	943	-526	-5,1
2017	9787	331	9.234	884	-553	-5,7
2018	9.234	347	8.725	856	-509	-5,5

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/EconomiaSocial/estadisticas/

<https://expinterweb.empleo.gob.es/series/>

Táboa 4.4. Producción, Valor Engadido e Produtividade aparente do factor traballo das Sociedades Laborais en Galicia e España 2009-2015

GALICIA: TOTAL SOCIEDADES LABORALES						
	Sociedades	Traballadores	Producción (miles euros)	Valor Engadido (miles euros)	Productividade aparente (euros por persoa)	
2009	856	4.082	531.838,58	189.543,73	46.434	
2010	791	4.085	492.528,89	170.787,44	41.808	
2011	709	3.326	469.460,41	159.600,75	47.986	
2012	669	3.113	420.886,24	139.351,57	44.764	
2013	618	2.861	367.741,02	122.849,47	42.939	
2014	582	2.651	359.817,98	119.393,73	45.037	
2015	539	2.667	389.518,00	127.423,69	47.778	
ESPAÑA: TOTAL SOCIEDADES LABORAIS						
2009	15.679	88.241	10.538.699,74	3.667.021,52	41.557	
2010	14.574	81.772	10.051.278,22	3.445.007,05	42.129	
2011	13.465	74.438	9.700.102,52	3.255.779,83	43.738	
2012	12.294	67.445	8.593.970,56	2.825.560,44	41.894	
2013	11.322	63.472	8.113.316,03	2.729.322,15	43.000	
2014	10.828	63.536	9.022.799,29	2.965.507,83	46.674	
2015	10.313	64.484	10.071.135,63	3.292.971,11	51.066	

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/EconomiaSocial/estadisticas/

O Ministerio de Trabajo presenta unha estimación do valor engadido das Sociedades Laborais a partir da información procedente das declaracións do Imposto de Sociedades que se presentan anualmente ante a administración tributaria que corresponde (AEAT, coa excepción de País Vasco e Navarra). Esta información é de utilidade para determinar a importancia deste tipo de entidades nas economías española e galega, aínda que, o último dato dispoñible é do ano 2015 co que non está actualizado como o resto da información recollida neste libro.

O valor engadido das Sociedades Laborais galegas no ano 2015 ascendeu a algo máis de 127 millóns de euros, sendo sensiblemente inferior ao valor acadado no ano 2009 de case 190 millóns de euros. Esta evolución é a lóxica dada a caída do peso deste tipo de sociedades na economía galega, cuxa taxa de variación media anual no período analizado é do -7,4%.

Se analizamos a produtividade aparente do traballo das Sociedades Laborais galegas podemos ver como é positiva, pasando dos 46.434 euros por traballador do ano 2009 aos 47.778 do ano 2015. En calquera caso, a produtividade galega atópase por debaixo da

media española que acadou un valor de 51.066 euros por traballador no ano 2015, incrementándose máis dende o inicio do período que no caso galego (9.510 euros por traballador fronte aos 1.344 do caso galego).

4.3. Distribución sectorial

Nesta sección preséntanse os datos das Sociedades Laborais rexistradas e os seus socios iniciais clasificadas por sector de actividade, para Galicia e España no período 2009-18. Tamén inclúense os datos das activas por centros de cotización, nos anos 2016 e 2018, e sector de actividade, a nivel provincial, recollendo o número de entidades e o emprego.

Táboa 4.5. Sociedades Laborais rexistradas e socios iniciais por sector de actividade. Galicia e España. 2009-2018

GALICIA														
Ano	Total		Agricultura			Industria			Construción			Servizos		
	Sociedades	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios
2009	31	122	0	0,0	0	6	19,4	24	5	16,1	17	20	64,5	81
2010	47	166	0	0,0	0	15	31,9	57	7	14,9	20	25	53,2	89
2011	48	157	0	0,0	0	8	16,7	30	5	10,4	15	35	72,9	112
2012	60	263	1	1,7	3	19	31,7	115	3	5,0	11	37	61,7	134
2013	45	222	2	4,4	6	12	26,7	71	3	6,7	10	28	62,2	135
2014	42	146	1	2,4	3	12	28,6	47	4	9,5	15	25	59,5	81
2015	35	134	1	2,9	3	3	8,6	12	5	14,3	22	26	74,3	97
2016	29	106	0	0,0	0	4	13,8	16	1	3,4	4	24	82,8	86
2017	29	96	0	0,0	0	3	10,3	10	2	6,9	8	24	82,8	78
2018	45	138	2	4,4	6	4	8,9	12	4	8,9	16	35	77,8	104
ESPAÑA														
Ano	Total		Agricultura			Industria			Construción			Servizos		
	Sociedades	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios	Sociedades	%	Socios
2009	1.225	4.793	19	1,6	68	174	14,2	821	165	13,5	606	867	70,8	3.298
2010	1.252	4.590	21	1,7	72	178	14,2	674	159	12,7	549	894	71,4	3.295
2011	1.145	4.336	20	1,7	67	173	15,1	856	126	11,0	479	826	72,1	2.934
2012	1.006	3.895	18	1,8	68	153	15,2	735	95	9,4	357	740	73,6	2.735
2013	892	3.444	10	1,1	62	463	51,9	682	85	9,5	317	634	71,1	2.383
2014	770	2.860	12	1,6	41	128	16,6	522	78	10,1	299	552	71,7	1.998
2015	515	1.917	5	1,0	20	61	11,8	298	50	9,7	174	399	77,5	1.425
2016	417	1.398	5	1,2	23	51	12,2	222	40	9,6	127	321	77,0	1.026
2017	331	1.079	5	1,5	18	47	14,2	210	33	10,0	102	246	74,3	749
2018	347	1.144	6	1,7	19	49	14,1	229	36	10,4	117	256	73,8	779

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

(http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/EconomiaSocial/estadisticas/)

A gran maioría das Sociedades Laborais galegas atópanse no sector servizos (77,8%), seguidas polas presentes no sector industrial e a construción (8,9%) e, por último o sector agrario (4,4%). Destacar que ao principio do período estas sociedades na industria representaban o 19% do total (aínda que a súa representación máxima atópase no ano seguinte,

onde as 15 sociedades rexistradas na industria representaban practicamente o 42% do total), mentres que nos servizos eran o 64,5% e non había ningunha na agricultura.

En España, sen embargo, o peso das Sociedades Limitadas no sector industrial mantense nos parámetros do ano 2009 (14%), aínda que a evolución é desigual, e o máximo o acadou no ano 2013 cando máis da metade destas sociedades teñen a súa actividade na industria. As sociedades que operan na agricultura representan o 1,7%, sendo este peso estable ao longo do período analizado, a construción representa o 10%, sendo novamente o sector de servizos o que presenta a maior porcentaxe destas empresas (73,8%), incrementando en este caso lixeiramente o seu peso con relación ao ano do inicio do período (70,8%).

Non se detectan grandes variacións en Galicia no número de socios con relación ao sector onde realizan a súa actividade, situándose a media de socios/sociedades e torno a 3. En España, pola contra, si hai diferenzas significativas, atopando o maior número de socios por entidade no sector servizos, que está en 25 no último ano (aínda que esta ratio redúcese de forma significativa ao longo do período, xa que no ano 2009 era de 64 socios/sociedades) e o máximo o atopamos no ano 2012 onde acadou un valor de 78).

Na táboa 4.6 analízanse a distribución sectorial das Sociedades Laborais activas a 31 de decembro nos anos 2016 e 2018, segundo centros de cotización. Na táboa seguinte, analízanse esta información en porcentaxes

Táboa 4.6. Sociedades Laborais activas a 31 de decembro de 2016 e 2018 por provincias e sectores de actividade (centros de cotización)

Ano	Sociedades activas a 31/12/2016 por provincia e sector de actividade (centros de cotización)									
	Total		Agrario		Industria		Construción		Servizos	
	Centros	Emprego	Centros	Emprego	Centros	Emprego	Centros	Emprego	Centros	Emprego
A Coruña	197	992	0	0	37	207	24	134	136	651
Lugo	73	350	2	6	13	84	16	75	42	185
Ourense	100	294	1	3	18	68	15	43	66	180
Pontevedra	220	1.064	11	16	36	396	34	180	139	472
GALICIA	590	2.700	14	25	104	755	89	432	383	1.488
ESPAÑA	10.995	63.935	203	851	2.180	16.987	1.416	7.350	7.196	38.747
COM VALENCIANA	902	5.272	33	135	211	1.981	118	656	540	2.500
	Sociedades activas a 31/12/2018 por provincia e sector de actividade (centros de cotización)									
A Coruña	179	987	1	5	36	211	19	143	123	628
Lugo	60	366	4	18	8	108	15	89	33	151
Ourense	88	279	2	6	13	59	13	45	60	169
Pontevedra	193	1.050	3	4	34	375	30	249	126	422
GALICIA	520	2.682	10	33	91	753	77	526	342	1.370
ESPAÑA	9.539	62.175	152	810	1.878	16.074	1.290	7.822	6.219	37.469
COM VALENCIANA	720	4.951	17	78	173	1.827	106	653	424	2.393

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social (http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/EconomiaSocial/estadisticas/)

Táboa 4.7. **Sociedades Laborais activas a 31 de decembro de 2016 e 2018 por provincias e sectores de actividade (centros de cotización), en porcentaxes sobre o total**


Sociedades activas a 31/12/2016 por provincia e sector de actividade (centros de cotización), en porcentaxes sobre o total									
Ano	Agrario		Industria		Construción		Servizos		
	Centros	Emprego	Centros	Emprego	Centros	Emprego	Centros	Emprego	
A Coruña	0,0	0	18,8	20,9	12,2	13,5	69,0	65,6	
Lugo	2,7	1,7	17,8	24,0	21,9	21,4	57,5	52,9	
Ourense	1,0	1,0	18,0	23,1	15,0	14,6	66,0	61,2	
Pontevedra	5,0	1,5	16,4	37,2	15,5	16,9	63,2	44,4	
GALICIA	2,4	0,9	17,6	28,0	15,1	16,0	64,9	55,1	
ESPAÑA	1,8	1,3	19,8	26,6	12,9	11,5	65,4	60,6	
COM VALENCIANA	3,7	2,6	23,4	37,6	13,1	12,4	59,9	47,4	
Sociedades activas a 31/12/2018 por provincia e sector de actividade (centros de cotización), en porcentaxes sobre o total									
A Coruña	0,6	0,5	20,1	21,4	10,6	14,5	68,7	63,6	
Lugo	6,7	4,9	13,3	29,5	25,0	24,3	55,0	41,3	
Ourense	2,3	2,2	14,8	21,1	14,8	16,1	68,2	60,6	
Pontevedra	1,6	0,4	17,6	35,7	15,5	23,7	65,3	40,2	
GALICIA	1,9	1,2	17,5	28,1	14,8	19,6	65,8	51,1	
ESPAÑA	1,6	1,3	19,7	25,9	13,5	12,6	65,2	60,3	
COM VALENCIANA	2,4	1,6	24,0	36,9	14,7	13,2	58,9	48,3	

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social
http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/EconomiaSocial/estadisticas/

O maior número de Sociedades Laborais de Galicia, no ano 2018, atópase na provincia de Pontevedra, que con 193 activas representaría o 37% do total rexional. A seguinte provincia en importancia e a da Coruña, con 179 empresas (o 34%), seguida de Ourense (88) e Lugo (60). En termos de emprego, Pontevedra é a que máis xera, 1.050 (o 39% do total), seguida de A Coruña, 987 (o 37%). En termos de número de empregados, Lugo, con menos número de sociedades, xera máis emprego que Ourense (366 fronte a 279). A distribución provincial está de acordo coa propia estrutura económica galega, con relación ao peso económico dos distintos territorios. Con relación ao ano 2016, en todas as provincias descende o número de Sociedades Laborais, o mesmo que acontece no conxunto estatal e na Comunidade Valenciana, pero en termos de emprego en Lugo e Ourense aumentarían o número de traballadores.

En canto aos sectores de actividade onde operan estas empresas, destacaríase o peso industrial na provincia de A Coruña, en termos de sociedades (20,1%) mentres que Pontevedra e Lugo destacan en termos de emprego industrial (35,7% e 29,5%), que se sitúan por riba da media galega (28,1%) e estatal (25,9%).

Gráfico 4.5. Distribución provincial das Sociedades Laborais por sector de actividade (%), 2018




Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/EconomiaSocial/estadisticas/

A provincia na que hai máis porcentaxe de Sociedades Laborais no sector agrario é Lugo, co 40% das mesmas, seguida de Pontevedra (30%), Ourense (20%) e A Coruña (10%). No sector industrial destacaríase A Coruña (40%), Pontevedra (37%), Lugo e Ourense (14% e 9%, respectivamente). No sector da Construción Pontevedra é a provincia con maior presenza de Sociedades Laborais (39%), seguida de A Coruña (25%), Lugo (19%) e Ourense (17%). Por último, no sector servizos volve a destacar A Coruña pero con pouca diferenza con Pontevedra (37% e 36%), seguida de Ourense (18%) e Lugo (10%).

Gráfico 4.6. Distribución provincial do emprego das Sociedades Laborais por sector de actividade (%). 2018



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social (http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/EconomiaSocial/estadisticas/)

En termos de emprego, aínda que Lugo mantén a maior porcentaxe no sector agrario (55%), este é 15 puntos superior a súa representación das súas empresas neste sector. Ourense sería a segunda provincia en volume de emprego agrario (18%) seguida de A Coruña (15%) e Pontevedra (12%). No sector industrial, Pontevedra é a provincia que emprega a maior porcentaxe de traballadores das Sociedades Laborais (50%) seguida de A Coruña (28%). Lugo emprega o 14% e, por último, Ourense unicamente emprega o 8%. No sector da construción, Pontevedra mantén o seu liderado en termos de emprego, con 47%, seguida de A Coruña (27%), Lugo (17%) e Ourense (9%). Para finalizar, no sector servizos A Coruña mantén o seu liderado, tamén en termos de emprego (46%), seguida de Pontevedra (31%). Neste sector Ourense e Lugo presentan porcentaxes de emprego moi similares, 12% e 11%, respectivamente.

4.4. Características dos socios

A continuación, analízanse a tipoloxía dos socios nas Sociedades Laborais rexistradas para o período o período 2009-18, diferenciando tanto en socios traballadores como capitalistas e traballadores⁸, xa que nestas entidades da Economía Social (a diferenza do que acontece noutras) a propiedade do capital social atópase compartida polos socios traballadores e os socios capitalistas sendo os primeiros os que toman as decisións e reparten os beneficios, tendo como obxectivo manter o emprego e o control maioritario da distribución de beneficios. Tamén se recolle unha análise da evolución na porcentaxe de mulleres, na estrutura destas sociedades.

Como se recolle na táboa, a maior parte dos socios varóns son traballadores, tanto nas sociedades galegas como nas españolas, acadando o 82% do total de socios en Galicia, no ano 2018, e o 83% no caso español. No caso das mulleres, as porcentaxes son maiores no último dato da serie: 89% no caso das galegas e o 87% na media estatal, aínda que esta representación non é igual no conxunto da mostra, xa que, por exemplo, no caso galego no ano 2016 só chegaba ao 61%.

Táboa 4.8. Tipoloxía dos socios nas Sociedades Laborais rexistradas no período 2009-18


GALICIA										
Ano	HOMBRES					MUJERES				
	Socios	Traballadores	%	Capitalistas	%	Socios	Traballadores	%	Capitalistas	%
2009	79	67	84,8	12	15,2	43	37	86,0	6	14,0
2010	115	95	82,6	20	17,4	51	34	66,7	17	33,3
2011	112	95	84,8	17	15,2	45	32	71,1	13	28,9
2012	195	174	89,2	21	10,8	68	54	79,4	14	20,6
2013	153	139	90,8	14	9,2	69	53	76,8	16	23,2
2014	106	93	87,7	13	12,3	40	34	85,0	6	15,0
2015	85	74	87,1	11	12,9	49	38	77,6	11	22,4
2016	65	53	81,5	12	18,5	41	25	61,0	16	39,0
2017	64	50	78,1	14	21,9	32	26	81,3	6	18,8
2018	82	67	81,7	15	18,3	56	50	89,3	6	10,7
ESPAÑA										
Ano	HOMBRES					MUJERES				
	Socios	Traballadores	%	Capitalistas	%	Socios	Traballadores	%	Capitalistas	%
2009	3.088	2.449	79,3	639	20,7	1.705	1.077	63,2	628	36,8
2010	2.840	2.282	80,4	558	19,6	1.750	1.100	62,9	650	37,1
2011	2.752	2.255	81,9	497	18,1	1.584	1.038	65,5	546	34,5
2012	2.684	2.299	85,7	385	14,3	1.211	802	66,2	409	33,8
2013	2.358	2.021	85,7	337	14,3	1.086	726	66,9	360	33,1
2014	1.928	1.604	83,2	324	16,8	932	642	68,9	290	31,1
2015	1.217	1.038	85,3	179	14,7	700	471	67,3	229	32,7
2016	900	785	87,2	115	12,8	498	374	75,1	124	24,9
2017	665	552	83,0	113	17,0	414	338	81,6	76	18,4
2018	719	598	83,2	121	16,8	425	371	87,3	54	12,7

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social <https://expinterweb.empleo.gob.es/series/>

8 Todos os socios das Sociedades Laborais son sempre capitalistas, xa que aportan capital, pero non todos desempeñan un traballo na mesma. Para simplificar a denominación no texto (ao igual que fai o MITRAMISS) usaremos os nomes de: socio capitalista e socio de traballo.

No seguinte gráfico podemos analizar a evolución da porcentaxe de mulleres no conxunto de socios das Sociedades galegas, nos socios traballadores e os capitalistas. Na maioría do período analizado, a porcentaxe de mulleres dentro do conxunto de socios capitalistas era maior que nos traballadores, sendo este do 57% no ano 2016. A partir de este ano, vai descendendo esta porcentaxe ata acadar o 29% no 2018. Pola contra, dende o ano 2012, a tendencia é dun aumento da participación das mulleres dentro dos socios traballadores, acadando no ano 2018 case o 43% do total.

Gráfico 4.7. Evolución na porcentaxe de mulleres na estrutura societaria das Sociedades Laborais: 2009-2018



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Economía Social do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social

4.5. Conclusións e recomendacións

As Sociedades Laborais son unha fórmula de auto emprego que xurdiu para dar saída a sociedades que estaban en situación de crise, ao dotar aos traballadores dun instrumento para poder adquirir a empresa. Sen embargo, conséntase que moitas das constituídas son de nova creación (Monzón, 2010), polo que estanse a utilizar como ferramentas de emprendemento colectivas, pero cun uso que estase a reducir nos últimos anos ao longo do territorio nacional e en Galicia.

A maior redución preséntase nas SAL, xa que as condicións, en canto a número de socios e de capital, son significativamente superiores as esixidas para a constitución dunha SLL. En calquera caso, ambas mostran unha tendencia á abaixo no período 2009-18.

En termos de emprego, a redución foi menor que a do número de sociedades, o que fixo que a media de traballadores aumentara no período analizado, sendo este incremento superior na media do estado que no caso galego.

Sen embargo, se analizamos os datos de creación neta de sociedades en Galicia, a súa evolución presenta máis oscilacións, sendo negativa no ano 2009 pero reducíndose o saldo

negativo nos anos analizados, o que ven explicado por unha mellora do número de sociedades rexistrados en varios anos da serie (e, particularmente, no ano 2018). Este dato está a evolucionar máis positivamente na nosa Comunidade Autónoma.

O Ministerio de Traballo estimou que para o ano 2015 (o último dispoñible) as Sociedades Laborais galegas que acadou un valor de 127.424 mil euros. A produtividade aparente destas empresas foi, nese ao, de case 48 mil euros por persoa, acercándose á media estatal de 51 mil.

Por sectores, en Galicia, a maior porcentaxe de Sociedades Laborais realizan a súa actividade no de Servicios (77,8%) sendo lixeiramente superior que en España (73,8%). A Construción e a Industria son os seguintes sectores, en importancia, onde as Sociedades Laborais galegas desenvolven a súa actividade (8,9%) sendo o sector agrario o menos preferido para este tipo de sociedades, 4,4% das sociedades operan neste sector (aínda que esta porcentaxe é superior que na media española, cun escaso 1,7%).

A tipoloxía dos socios destas entidades mostran que a maior porcentaxe dos socios varóns son traballadores, acadando o 82% do total en Galicia no ano 2018 (sendo este valor moi similar no conxunto estatal). As socias traballadoras en Galicia representan o 89% do total das mulleres socias, sendo esta representación lixeiramente maior que na media de España (87%).

As mulleres gañan peso no conxunto de socios destas entidades ao longo do período 2009 e 2018, pasando de representar o 35% ao inicio a case o 41% ao remate do mesmo. Este aumento da representatividade feminina nas Sociedades Laborais explícase polo aumento do seu peso nos socios traballadores (xa que están a perder peso, nos últimos dous anos, no caso dos capitalistas).

Tal e como se recolle no Libro Branco da Economía Social en Valencia (Chaves, Juliá e Monzón, 2018) houbo recentes modificacións legislativas en materia societaria que poderían resolver algúns problemas que afectan a este tipo de entidades (como a transmisión da propiedade entre os traballadores), pero non se resolve outras cuestións como os beneficios fiscais como os que si teñen outras familias da ES como as cooperativas. Outra das cuestións que se está a debater é o concepto de sociedades participadas que, segundo algúns expertos, podería quedarse nunha especie de marca de calidade que concedería a Administración, a aquelas empresas comprometidas coa participación dos seus traballadores na xestión e os beneficios da empresa, pero que non terían, necesariamente, que ser sociedades laborais.

4.6. Referencias bibliográficas

- Chaves, R.; Juliá, J. e Monzón, J.L. (dir.) (2018). *Libro Blanco del Cooperativismo y la Economía Social de la Comunidad Valenciana*. CIRIEC-España. Valencia.
- Monzón, J.L. (2010). *La Economía Social en España en el año 2008. Ámbito, magnitudes, actividades y tendencias*. CIRIEC-España. Valencia.

5. EMPRESAS DE INSERCIÓN

5.1. Marco Normativo das Empresas de Inserción

A regulación das empresas de inserción a nivel estatal réxese pola Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime de empresas de inserción, modificada pola Lei 27/2009, do 30 de decembro, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección de persoas desempregadas. No seu Artigo 4, defínese a empresa de inserción como aquela sociedade mercantil ou sociedade cooperativa legalmente constituída que, debidamente cualificada polos organismos autonómicos competentes na materia, realice calquera actividade económica de produción de bens e servizos, cuxo obxecto social teña como fin a integración e formación sociolaboral de persoas en situación de exclusión social como tránsito ao emprego ordinario. Ademais de proporcionar un traballo remunerado e formación específica, as empresas de inserción deberán ter servizos de intervención o acompañamento para facilitar a posterior incorporación ao mercado de traballo ordinario.

Segundo a Lei 44/2007, as empresas de inserción deben cumprir, ademais dos relativos ao rexistro e ás entidades promotoras, os seguintes requisitos:

- Estar promovidas e participadas por entidades sen ánimo de lucro. Esta participación será, como mínimo, o 51% en sociedades mercantís.
- Manter, en cómputo anual, a lo menos un trinta por cento de traballadores en proceso de inserción durante os primeiros tres anos de actividade e de a lo menos o cincuenta por cento a partir do cuarto.
- Non realizar actividades económicas diferentes ás do seu obxecto social

- Dedicar a lo menos un oitenta por cento dos resultados ou excedentes do exercicio á mellora das estruturas produtivas e de inserción
- Presentar anualmente un Balance Social da actividade da empresa
- Dispoñer dos medios necesarios para cumprir cos compromisos derivados dos itinerarios de inserción sociolaboral

Atendendo ao disposto na Lei 31/2015, de 9 de setembro, pola que se modifica e actualiza a normativa en materia de autoemprego e se adoptan medidas de fomento e promoción do traballo autónomo e da economía social, as EIL adquiren a consideración de entidades prestadoras de servizos de interese económico xeral.

No que respecta a Galicia, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (DOG núm. 249, do 31 de decembro) regula as empresas de inserción no capítulo II do seu título IV.

Atendendo ao artigo 62 de dita Lei, a Xunta de Galicia promoverá as empresas de inserción como recurso para facilitar a incorporación ao mercado laboral ordinario das persoas en situación ou risco de exclusión social, cualificación esta que será acreditada polo Sistema galego de servizos sociais.


As empresas de inserción teñen como trazo característico o requisito de aplicación dun itinerario de inserción, que debe ser aceptado pola persoa en situación de exclusión social contratada. As accións de intervención consistirán nun conxunto de servizos, prestacións, acción de orientación, tutoría e procesos personalizados e asistidos de traballo remunerado, formación no posto de traballo ou habituación laboral e social, encamiñados a satisfacer ou resolver problemáticas específicas derivadas da situación de exclusión.

5.2. As empresas de inserción en Galicia

Presentamos neste apartado a evolución e as características básicas da actividade que desenvolven as Empresas de Inserción Laboral (EIL) en Galicia. Utilizaremos información proporcionada pola *Subdirección Xeral de Economía Social (Secretaría Xeral de Emprego)*, os datos dispoñibles na base de datos SABI e *tamén datos extraídos das Memorias Sociais elaboradas pola Federación de Asociacións Empresariales de Empresas de Inserción (FAEDEI)*. Estes datos básicos son o número de EIL en Galicia, a actividade que desenvolven, algúns datos financeiros e outros datos relativos ao emprego que xeran.

Desde o comezo do rexistro en Galicia, no ano 2008, rexistráronse 6 EIL, das cales unha tiña actividade no sector primario, dúas na industria, unha na construción e o resto no sector servizos. Desde o 2012 a cifra de EIL en activo en Galicia vai oscilando entre 9 e 11 (gráfico 5.1)

Gráfico 5.1. Evolución do número de EIL en Galicia (2008-2019)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Subdirección Xeral de Economía Social (Secretaría Xeral de Emprego)


En xullo de 2019, hai 11 empresas de inserción activas e rexistradas na Xunta de Galicia. A máis nova rexistrouse este ano, pero catro delas o fixeron no 2010 ou antes (táboa 5.1). Todas teñen a forma xurídica de sociedade limitada.

Táboa 5.1. EIL en Galicia 2019. Ano de rexistro e forma xurídica

Nome da empresa	Ano de rexistro	Forma xurídica
SERVICIOS COMERCIALES DE INSERCIÓN LABORAL, EIL	2019	Sociedade limitada
CONSERVAS ANACO E.I.L., S.L.	2017	Sociedade limitada
TROCO SOLIDARIO S.L.	2017	Sociedade limitada
ARROUPA SANTIAGO EIL, S.L.	2015	Sociedade limitada
FEITO PONTEVEDRA EIL, S.L.	2014	Sociedade limitada
COROCEIRO EIL	2012	Sociedade limitada
PROPERDIS EIL	2011	Sociedade limitada
COMPOSTELA INSERTA EIL	2010	Sociedade limitada
EIL GRUPO DILL	2010	Sociedade limitada
EIL INSERGAL	2009	Sociedade limitada
EIL CORMO INTEGRAL	2008	Sociedade limitada

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Subdirección Xeral de Economía Social (Secretaría Xeral de Emprego)

Gráfico 5.2. EIL en Galicia 2019. Distribución por provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Subdirección Xeral de Economía Social (Secretaría Xeral de Emprego)

Por provincias, a maioría, 6, teñen a sede na provincia de A Coruña, 3 en Pontevedra e 2 en Lugo (gráfico 5.2). En canto ás actividades desenvolvidas por estas empresas, oito delas clasifícanse no sector servizos, unha no sector primario, unha na industria e outra na construción (gráfico 5.3). Na táboa 5.2, incluimos o detalle da actividade principal que desenrola cada unha delas atendendo ao código CNAE-2009 de catro díxitos.


Táboa 5.2. EIL en Galicia 2019. Actividade por código CNAE-2009

	CNAE	Actividade	Sector
SERVICIOS COMERCIALES DE INSERCIÓN LABORAL, EIL	4779	Comercio polo miúdo de artigos de segunda man.	Servizos
CONSERVAS ANACO E.I.L., S.L.	1022	Fabricación de conservas de pescado	Industria
TROCO SOLIDARIO S.L.	9499	Outras actividades asociativas n.c.o.p.	Servizos
ARROUPA SANTIAGO EIL, S.L.	4690	Comercio ao por maior non especializado	Servizos
FEITO PONTEVEDRA EIL, S.L.	8130	Actividades de xardinería	Servizos
COROCEIRO EIL	142	Explotación de outro gando bovino e búfalos	Agricultura
PROPERDIS EIL	4121	Construción de edificios residenciais	Construción
COMPOSTELA INSERTA EIL	8121	Limpeza xeral de edificios	Servizos
EIL GRUPO DILL	4791	Comercio polo miúdo por correspondencia ou Internet	Servizos
EIL INSERGAL	5621	Provisión de comidas preparadas para eventos	Servizos
EIL CORMO INTEGRAL	7830	Outra provisión de recursos humanos	Servizos

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Subdirección Xeral de Economía Social (Secretaría Xeral de Emprego) e do Listado de empresas de inserción da Xunta de Galicia

<http://emprego.ceei.xunta.gal/registro-de-empresas-de-insercion;jsessionid=A5D4E48C87F73E5A0682640E3CFA9779>

Gráfico 5.3. EIL en Galicia 2019. Distribución por sectores



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos proporcionados pola Subdirección Xeral de Economía Social (Secretaría Xeral de Emprego)

Se atendemos á evolución da facturación total desde 2012, observamos que acada a cifra máis alta do período no 2017, último ano do que dispoñemos de datos na base SABI (táboa 5.3). O cálculo da facturación se fixo tomando o valor do importe neto da cifra de ventas e tendo en conta unicamente ás empresas para as que hai datos dispoñibles no SABI. Agora ben, o número de empresas non é o mesmo todos os anos. Por dita razón, calculamos a facturación por traballador, distribuíndo o total de facturación entre o total de empregados (empregados medios, isto é, calculados a tempo completo) para o conxunto das empresas de inserción que teñen o dato de empregados na base SABI. Obsérvase desde o 2014 unha diminución progresiva da facturación por traballador (táboa 5.4), aínda que supera todos os anos os 28.000 euros e mesmo chega a superar os 45.000 no 2014. Dita diminución vai acompañada por un incremento importante no número de empregados.

Por tanto, as cifras da facturación por traballador nas EIL galegas garanten que estas empresas compren coa combinación de obxectivos deste tipo de iniciativas empresariais: a viabilidade empresarial e a desenvolvemento de metodoloxías que fagan posible a inserción laboral das persoas en ou en risco de exclusión.

Táboa 5.3. Facturación (importe neto cifra de ventas) das EIL en Galicia 2012-2017

	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Nº empresas	5	6	7	6	8	10
Facturación (euros)	1.135.328	1.252.913	1.267.860	981.148	1.276.060	1.613.829

Fonte: Elaboración propia con datos de SABI

O dato do que dispoñemos para comparar é o calculado no Libro Blanco da Economía Social da Comunidade Valenciana. Nese caso, a facturación por traballador nas EIL non supera os 25.000 euros no período 2010-2016, pero sitúase por riba sempre dos 17.000 euros o que se considera un reforzo da viabilidade e sustentabilidade destas empresas no tempo.

Táboa 5.4. N° empregados e facturación por traballador nas EIL en Galicia 2012-2017

	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Nº empresas	4	5	7	6	6	9
Empregados (medios)	32	43	28	27	33	49
Facturación/empregado	35.098,78	28.791,30	45.280,71	36.338,81	31.231,58	29.034,10

Fonte: Elaboración propia con datos de SABI

Para extraer algunha información adicional sobre a actividade das EIL en Galicia, empregamos agora os datos que publica FAEDEI nas súas Memorias Sociais. Nos capítulos no que se presentan os datos por Comunidade Autónoma figuran os recollidos por AEIGA (Asociación de Empresas de Inserción de Galicia) de empresas galegas que pertencen á súa asociación.

Nestes datos pode apreciarse que no 2017 increméntase de forma notable o número de traballadores en inserción, superando con creces o de traballadores que non están nesa condición (táboa 3.3.5). Tamén obsérvase nese último ano un incremento salientable do número e da porcentaxe de mulleres contratadas (táboa 5.6 e gráfico 5.4) e tamén da porcentaxe de mulleres contratadas en inserción (gráfico 5.5).

Táboa 5.5. Persoas inserción/persoas non inserción nas EIL (AEIGA) 2015-2017

	Nº empresas	Persoas en inserción	Persoas non inserción	TOTAL
2015	3	12	22	34
2016	4	15	26	41
2017	5	58	29	87


Fonte: Elaboración propia con datos de FAEDEI

Táboa 5.6. Persoas contratadas nas EIL (AEIGA) por sexo 2015-2017

	Nº de empresas	Mulleres en inserción	Mulleres non inserción	Homes en inserción	Homes non inserción	TOTAL
2015	3	2	3	10	19	34
2016	4	1	4	14	22	41
2017	5	14	9	44	20	87


Fonte: Elaboración propia con datos de FAEDEI

Gráfico 5.4. Porcentaxe mulleres e homes contratados nas EIL (AEIGA) 2015-2017



Fonte: Elaboración propia con datos de FAEDEI

Gráfico 5.5. Porcentaxe mulleres e homes en inserción contratados nas EIL (AEIGA) 2015-2017



Fonte: Elaboración propia con datos de FAEDEI

Ademais dos ingresos por facturación e das axudas públicas ás que pode optar calquera outra empresa, hai axudas e subvencións específicas para as EIL. En concreto en Galicia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria convoca anualmente axudas para fomentar tanto a creación como o mantemento deste tipo de empresas. Estas permiten cubrir unha parte do custo salarial das persoas vulnerables e tamén do custo adicional que se deriva do emprego deste tipo de traballadores.

En concreto, na Orde de 1 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e procédese a súa convocatoria para o ano 2019, especifícanse dous programas de axudas:

- a) Programa I: axudas ao mantemento do custo salarial das persoas traballadoras en risco ou situación de exclusión social.
- b) Programa II: axudas para compensar os custos adicionais do emprego de persoas en risco ou situación de exclusión social.


Neste segundo programa dispóñense axudas para:

- contratación de xerentes ou persoas técnicas;
- contratación de persoal técnico en orientación e acompañamento á inserción;
- creación e ampliación de novos postos de traballo para persoas en inserción;
- inicio e posta en marcha da actividade;
- asistencia técnica para a creación mellora e diversificación de EIL;
- formación para as persoas en proceso de inserción e
- realización de labores de mediación laboral.

Nalgunha destas subvencións o incentivo base poderá incrementarse en certas porcentaxes (acumulables entre si) cando a persoa contratada é unha muller, cando a persoa contratada é maior de 45 anos e cando o centro de traballo está nun concello rural.

As partidas orzamentarias dirixidas a estes programas de incentivos foron de 380.000 euros en 2019 (Orde de 1 de abril de 2019), dos que 300.000 € son para o Programa I; de 378.790 euros en 2018 (Orde do 5 de decembro de 2017) e de 378.790,29 euros en 2017 (Orde do 30 de xuño de 2017) e 210.000 euros en 2016 (Orde de 1 de xullo de 2016) e 210.000 euros en 2015 (Orde de 30 de setembro de 2015). Como se pode apreciar (gráfico 5.6), incrementáronse as contías a partir de 2017, non variando substancialmente nos últimos anos.

Gráfico 5.6. Contía do crédito para axudas públicas ás EIL previsto nas bases reguladoras 2015-2019 (miles de euros)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados nas Ordes de axudas da Xunta de Galicia, varios anos.

Na táboa 5.7 ofrécense os datos das axudas recibidas por EIL da AEIGA. Fronte a isto debe terse en conta que, ademais da importante aportación que supón para a cohesión social a integración no mercado laboral de persoas en exclusión, a actividade das EIL supón tamén un retorno económico para as AAPP, fundamentalmente vía impostos (táboa 5.8). Tamén supón un aforro para as AAPP dado que unha parte importante das persoas traballadoras en inserción deixan de percibir a renda de integración social (en Galicia a RISGA). Como se pode apreciar nas táboas mencionadas, a suma do retorno económico e do aforro para as administracións públicas supera as axudas públicas recibidas polas EIL consideradas.

Táboa 5.7. Axudas recibidas por as EIL (AEIGA) 2015-2017 (euros)

	Nº de empresas	Axudas públicas	Subvencións públicas	Subvencións privadas
2015	3	41.149,28	0	0
2016	4	85.430,07	0	0
2017	5	214.593,33	0	18.966,00

Fonte: Elaboración propia con datos de FAEDEI

Táboa 5.8. Retorno económico e aforro para as AAPP das EIL (AEIGA) 2015-2017 (euros)

	Nº de empresas	Retorno económico	Aforro para AAPP
2015	3	63.707,88	50.475,60
2016	4	43.181,10	57.525,60
2017	5	131.462,51	88.903,20

Fonte: Elaboración propia con datos de FAEDEI

5.3. Conclusións

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia regula as empresas de inserción no ámbito galego. Atendendo ao artigo 62 de dita Lei, a Xunta de Galicia promoverá as empresas de inserción como recurso para facilitar a incorporación ao mercado laboral ordinario das persoas en situación ou risco de exclusión social, cualificación esta que será acreditada polo Sistema galego de servizos sociais.

As empresas de inserción teñen como trazo característico o requisito de aplicación dun itinerario de inserción, que debe ser aceptado pola persoa en situación de exclusión social contratada. As accións de intervención consistirán nun conxunto de servizos, prestacións, acción de orientación, titoría e procesos personalizados e asistidos de traballo remunerado, formación no posto de traballo ou habituación laboral e social, encamiñados a satisfacer ou resolver problemáticas específicas derivadas da situación de exclusión.

Desde o ano 2008, no que comezaron a rexistrarse en Galicia, fixérono 22 empresas de inserción, das cales unha tiña actividade no sector primario, dúas na industria, unha na construción e o resto no sector servizos.

En xullo de 2019, hai 11 empresas activas. A máis nova rexistrouse este ano, pero catro delas o fixeron no 2010 ou antes. Todas teñen a forma xurídica de sociedade limitada. A maioría, seis, teñen a sede na provincia de A Coruña, tres en Pontevedra e dous en Lugo. En canto ás actividades desenvolvidas por estas empresas, oito delas clasifícanse no sector servizos, unha no sector primario, unha na industria e outra na construción.

Aínda que se observa desde o 2014 unha diminución da facturación por traballador, no 2017 é de 29.034 euros. Dita diminución vai acompañada por un incremento importante na cifra de empregados, que chegan a 49 no 2017 (empregados medios). Pode dicirse que as cifras da facturación por traballador nas empresas de inserción galegas garanten que estas cumpren coa combinación de obxectivos deste tipo de iniciativas empresariais: a viabilidade empresarial e o desenvolvemento de metodoloxías que fagan posible a inserción laboral das persoas en ou en risco de exclusión.

Segundo os datos dispoñibles (AEIGA), no 2017 increméntase o número de traballadores na modalidade de inserción, superando con creces o de traballadores que non están nesa condición. Tamén obsérvase nese último ano un incremento salientable do número e da porcentaxe de mulleres contratadas e tamén da porcentaxe de mulleres contratadas en inserción.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria convoca anualmente axudas para fomentar tanto a creación como o mantemento deste tipo de empresas. As partidas orzamentarias dirixidas aos programas de incentivos foron de 380.000 euros en 2019, manteniéndose próximas a esa cifra desde o 2017.

As empresas de inserción supoñen unha importante aportación para a cohesión social ao facilitar a integración no mercado laboral de persoas en exclusión. Pero, ademais, supoñen un retorno económico para as AAPP, fundamentalmente vía impostos, e un aforro para as mesmas, dado que unha parte importante das persoas traballadoras en inserción

deixan de percibir a renda de integración social (Risga). Nos datos dispoñibles (AEIGA), a suma do retorno económico e do aforro para as AAPP supera as axudas públicas recibidas por estas empresas.

6. OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

6.1. Introducción

A configuración actual da Economía Social española ven marcada pola aprobación da Lei 5/2011, do 29 de marzo, de Economía Social, que sen ningunha dúbida supuxo un punto de inflexión sen precedentes para o recoñecemento, visibilidade e desenvolvemento do Sector, tanto dentro do propio Estado como da Unión Europea.

Recentemente, a aprobación da Lei 31/2015, do 9 de setembro, pola que se modifica e actualiza a normativa en materia de auto-emprego e adóptanse medidas de fomento e promoción do traballo autónomo e da Economía Social, veu a completar este marco normativo establecendo medidas de desenvolvemento e Fomento da Economía social española.

Os Centros Especiais de Emprego forman parte da Economía Social xa que son empresas que compatibilizan a viabilidade económica e a súa participación no mercado co seu compromiso social cara a colectivos con menores oportunidades no mercado de traballo. O seu persoal está constituído polo maior número de persoas con discapacidade (cuxo número non pode ser inferior ao 70% respecto do total dos traballadores).

Na actualidade hai dúas posibilidades de integración laboral das persoas con discapacidade. Dun lado, a integración directa no mercado aberto ordinario de traballo e doutro a integración no mercado protexido a través de centros especiais de emprego.

6.2. Normativa

A Lei estatal 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, configurou os centros especiais de emprego como unidades produtivas que, participando regularmente

no mercado, teñen como finalidade primordial a integración laboral das persoas con discapacidade, así como a prestación dos servizos de axuste persoal e social que estes traballadores requiran. Posteriormente, en virtude das competencias que con carácter exclusivo ten asumidas a Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 27.2 3º do seu Estatuto de autonomía en materia de asistencia social, aprobouse a Lei autonómica 4/1993, do 14 de abril, que veu ordenar e estruturar o sistema integrado de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, englobando os centros especiais de emprego como equipamentos propios dos servizos de atención especializada dirixidos a persoas con discapacidade. Por outra banda, a citada norma estatal está desenvolvida por medio do Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, que establece, entre outros aspectos, que a creación destes centros esixe a súa inscrición nun rexistro administrativo dependente da Administración xeral do Estado ou da correspondente comunidade autónoma, segundo o ámbito competencial, e o artigo 32.3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, tamén prescribe de que todas as entidades prestadoras de servizos sociais haberán de estar inscritas, con carácter previo ao inicio das súas actividades nun rexistro administrativo creado para o efecto. Por medio do Real decreto 1928/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia da Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo, transferíronse á nosa comunidade autónoma as funcións e servizos inherentes ás competencias estatutariamente asumidas en materia de centros especiais de emprego, atribuíndoselle o seu exercicio á consellería competente en materia de traballo polo Decreto 168/1984, do 15 de novembro.

6.3. Tipoloxía dos centros especiais de emprego

Os CEE poden ser de carácter público ou privado, con ou sen ánimo de lucro. Isto significa que poden ser creados polas Administracións Públicas directamente ou en colaboración con outros organismos, por entidades, por persoas físicas, xurídicas ou comunidades de bens coa única esixencia de que teñan capacidade xurídica e de obrar para ser empresarios.

A disposición final décimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (esta modifica o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social e foi aprobada mediante Real Decreto Legislativo 1/2013 do 29 de novembro) engade un apartado 4 ao artigo 43 no que define aos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social (CEEIS) como:

- Aqueles promovidos e participados en máis dun 50%, directa ou indirectamente, por unha ou varias entidades, xa sexan públicas ou privadas, que non teñan ánimo de lucro ou que teñan recoñecido o seu carácter social nos seus Estatutos, xa sexan asociacións, fundacións, corporacións de dereito público, cooperativas de iniciativa social ou outras entidades da economía social.

- Aqueles cuxa titularidade corresponda a sociedades mercantís nas que a maioría do seu capital social sexa propiedade dalgunha das entidades sinaladas anteriormente, xa sexa de forma directa ou ben indirecta a través do concepto de sociedade dominante regulado no art. 42 do Código de Comercio.
- En todos os casos, os estatutos ou acordo social deben obrigar o reinvestimento íntegro dos beneficios para a creación de oportunidades de emprego para persoas con discapacidade e a mellora continua da súa competitividade e da súa actividade de economía social, tendo en todo caso a facultade de optar por reinvestilos no propio centro especial de emprego ou noutros centros especiais de emprego de iniciativa social.

Un estudo realizado por CIRIEC- España no ano 2014 clasifica os CEE da economía española en CEE da Economía Social (CEE ES) e CEE da Economía Capitalista (CEE EC) centrándose na análise do seu comportamento, prescindindo de criterios xurídicos e administrativos. Devandita análise derívase dos seus obxectivos principais (ben ter un impacto social ou ben ter un beneficio para os seus propietarios e accionistas) e da diferente titularidade da empresa pública ou privada. O seguinte cadro recolle a clasificación dos CEE realizada neste estudo.

Cadro 6.1. Tipoloxía dos CEE en función das súas características socioeconómicas

CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO (CEE)	Obxectivo principal	Titularidade
CEE da Economía Social	Obtención dun impacto social	Privada
CEE da Economía Pública	Obtención dun impacto social	Pública
CEE da Economía Capitalista	Obtención de beneficios para os seus propietarios ou accionistas	Privada
a) Con personalidade xurídica		
b) Sin personalidade xurídica (persoas físicas)		

Fonte: CIRIEC-España. Chaves, Juliá y Monzón (2018)

Os CEE da Economía Social recoñecidos polo CIRIEC-España engloban a:

- Os CEE cualificados como de Iniciativa Social pola Lei 9/2017 de Contratos de Sector Público.
- Os centros dependentes de entidades relixiosas con personalidade xurídica específica como tales.
- Os centros non incluídos no primeiro punto con personalidade xurídica de cooperativa.
- Os centros identificados como sociedades laborais non incluídos no primeiro punto.
- Os CEE incluídos na base de datos de FEACEM non incluídos nos apartados anteriores
- Os CEE participados polos principais grupos da Economía Social non incluídos nos nos puntos anteriores
- A CEE non adscritos en función dos criterios anteriores identificados polas enquisas de CIRIEC

No ano 2017, o número de CEE a nivel nacional segundo o Ministerio é de 2.105 (714 de iniciativa social e 1.391 de iniciativa capitalista), e en Galicia é de 118 centros (62 de iniciativa social e 56 de iniciativa capitalista).

Táboa 6.1.CEE por tipoloxía de Centro

Ano 2017	Base oficial do Ministerio		
	Total	CEE Iniciativa Social	CEE Iniciativa Capitalista
Galicia	118	62	56
España	2105	714	1391

Fonte: CIRIEC-España

6.4. Forma xurídica


Os CEE adoptan na súa maioría a forma xurídica de Sociedade Limitada. Segundo os datos proporcionados por CIRIEC-España, en 2017 o 67.74% dos CEE ES e o 76.79% dos CEE EC eran Sociedades Limitadas. Tras a Sociedade Limitada, nos CEE ES séguenlle a Sociedade Anónima (16.13%) e as Asociacións (14.52%).

Táboa 6.2. Porcentaxes de CEE (ES, EC) segundo forma xurídica. Galicia, 2017 (%)

	Economía Social	Economía Capitalista	Total CEE
Asociación	14,5	0,0	7,6
Fundación	1,6	0,0	0,8
Sociedade Anónima	16,1	14,3	15,3
Sociedade Limitada	67,7	76,8	72,0
Persoa Física	0,0	8,9	4,2
	100	100	100

Fonte: CIRIEC-España

Gráfico 6.1.CEE(ES, EC) por forma xurídica. Galicia. 2017



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de CIRIEC-España

6.5. Distribución provincial e sectores de actividade

Nesta sección preséntase a distribución provincial e os sectores de actividade nos que están presentes os CEE de GALICIA seguindo a tipoloxía de centros e a información proporcionada por CIRIEC-España.

A distribución provincial mostra que o maior número de CEE atópase localizado na provincia da Coruña (55,08%), seguida de Pontevedra (25,42%), Lugo (13,56%) e Ourense (5,93%).


Na táboa 6.3 mostramos o número de CEE a nivel provincial tendo en conta como foron creados, segundo iniciativa social e iniciativa empresarial. Podemos observar que na provincia de Coruña ten maior presenza de CEE da Economía Social (61,29%) fronte aos de Economía Capitalista (48,21%).

Táboa 6.3. Número de CEE a nivel provincial. Ano 2017

	Economía Social	Economía Capitalista	Total
Coruña	38	27	65
Lugo	6	10	16
Ourense	6	1	7
Pontevedra	12	18	30
Galicia	62	56	118

Fonte: Elaboración propia a partir da Información de CIRIEC-España

Gráfico 6.2. Distribución provincial CEE (%), Galicia, Ano 2017



Fonte: Elaboración propia a partir da Información de CIRIEC-España


En canto á composición do persoal nos CEE podemos diferenciar entre persoas con e sen discapacidade. Na seguinte táboa e gráfico mostramos o cadro de persoal a nivel provincial.

Táboa 6.4. Persoal dos CEE (Número de persoas). Galicia e provincias. 2017

	Non discapacitados	Discapacitados	Total
Coruña	136	1598	1734
Lugo	8	105	113
Ourense	34	192	226
Pontevedra	36	571	607
Galicia	214	2466	2680

Fonte: Elaboración propia a partir da Información de CIRIEC-España


Gráfico 6.3. Persoal dos CEE. Número de persoas. Provincias. 2017



Fonte: Elaboración propia a partir da Información de CIRIEC-España

O persoal dos CEE está constituído nunha ampla maioría por persoas con discapacidade. Máis da metade das persoas que traballan nos CEE con discapacidade están na provincia da Coruña (64,80%), séguenlle Pontevedra, Ourense e Lugo.

Gráfico 6.4. Porcentaxe de persoas con discapacidade empregadas nos CEE. Provincias. 2017



Fonte: Elaboración propia a partir da Información de CIRIEC-España.

Sectores de Actividade

En relación aos sectores de actividade nos que están presentes os CEE da Comunidade Galega, podemos afirmar que máis da metade corresponden ao sector servizos (55,1%), seguidos da industria, o comercio e o transporte.


A presenza dos CEE de iniciativa social no sector servizos representa o 66,1% fronte ao 42,9% dos de iniciativa empresarial. Pola contra os CEE de economía capitalista están no transporte (19,6%), industria (17,9%)e comercio (16,1%).

Táboa 6.5. CEE por tipoloxía e sector de actividade, Galicia, 2017

	Economía Social	Economía Capitalista	Total CEE	Total CEE (%)
Agricultura	1	0	1	0,8
Industria	8	10	18	15,3
Construcción	0	2	2	1,7
Comercio	8	9	17	14,4
Transporte	3	11	14	11,9
Hostelería	1	0	1	0,8
Servizos	41	24	65	55,1
TOTAL	62	56	118	100%


Fonte: Elaboración propia a partir de CIRIEC-España

Gráfico 6.5. Número CEE por sectores de actividade, Galicia, 2017



Fonte: Elaboración propia a partir de CIRIEC-España

Gráfico 6.6. CEE por tipoloxía (ES, EC) e sectores de actividade, Galicia, 2017 (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de CIRIEC-España

Si nos centramos nas actividades dos CEE no sector servizos, podemos afirmar que se concentran nos grupos N e Q da clasificación CNAE (2009). As actividades administrativas e de servizos auxiliares representan o 47,7% do total do sector servizos, e as actividades sanitarias e de servizos sociais ocupan o segundo lugar cun 20% seguidas por outros servizos co 15,4%. Afondando na clasificación, vemos como as persoas empregadas dedícanse principalmente á limpeza xeral de edificios e as actividades de xardinería, así como a outras actividades de servizos sociais.

Os CEE de Economía Social protagonizan as actividades de servizos sociais fronte ao resto de CEE, e tamén levan a cabo actividades de xardinería. Pola contra os CEE de iniciativa capitalista dedícanse maiormente á limpeza xeral de edificios.

Táboa 6.6 Actividades dos CEE no sector servizos, Galicia, 2017

	Economía Social	Economía Capitalista	Total
J-Información e Comunicacions	0	4	4
L-Actividades Inmobiliarias	0	2	2
M-Actividades profesionais, científicas e técnicas	3	1	4
N-Actividades administrativas e servizos auxiliares	17	14	31
P-Educación	1	0	1
Q-Actividades sanitarias e de servizos sociais	13	0	13
S-Outros servizos	7	3	10
Total	41	24	65

Fonte: Elaboración propia a partir de CIRIEC-España

Táboa 6.7. Actividades administrativas e servizos auxiliares (N), Galicia, 2017

	Economía Social	Economía Capitalista	Total
8121 - Limpeza xeral de edificios	5	12	17
8130 - Actividades de xardinería	8	1	9
8129 - Outras actividades de limpeza	1	0	1
8299 - Outras actividades de apoio ás empresas n.c.o.p.	1	0	1
7820 - Actividades das empresas de traballo temporal	1	0	1
7830 - Outra provisión de recursos humanos	1	0	1
8122 - Outras actividades de limpeza industrial e de edificios	0	1	1
Total	17	14	31

Fonte: Elaboración propia a partir de CIRIEC-España.

Táboa 6.8. Actividades sanitarias e de servizos sociais (Q), Galicia, 2017.

	Economía Social	Economía Capitalista	Total
8899 - Outras actividades de servizos sociais sen aloxamento n.c.o.p.	5	0	5
8812 - Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas con discapacidade	7	0	7
8811 - Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores	1	0	1
Total	13	0	13

Fonte: Elaboración propia a partir de CIRIEC-España.

6.6. O emprego nos CEE

As persoas con discapacidade enfróntanse a maiores dificultades e barreiras que o resto da poboación no ámbito da inserción laboral, o cal as conduce a maiores taxas de pobreza e de exclusión social. Por esta razón, a integración laboral das persoas con discapacidade (PCD) é unha condición necesaria para garantir os seus dereitos.

Táboa 6.9. O emprego das persoas con e sen discapacidade, Galicia e España. 2017 (miles)

	PCD (con discapacidade)		PSD (sen discapacidade)	
	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA
Total	125,9	1860,6	1559,7	28189,9
Activos	35,5 (28,2%)	651,7 (35%)	1198,7 (76,8%)	21906,3 (77,7%)
Inactivos	90,4 (71,8%)	1208,8 (65%)	361,0 (23,2%)	6283,6 (22,3%)

Fonte: INE

Táboa 6.10 . Persoas con certificado de discapacidade. 2017 (miles)

	Total	Homes	Mulleres
Galicia	94,9	51,9	43
España	1498,9	820,4	678,5

Fonte: INE

Do total nacional de persoas con certificado de discapacidade no ano 2017, o 6,3% atópanse en Galicia, e aquí un 54,7% son homes e un 45,3% son mulleres.

En canto ao emprego, as persoas con discapacidade teñen unha menor presenza no mercado laboral, así temos un 28,2 % de Activos no caso de Galicia fronte ao 76,8% de Activos para as persoas sen discapacidade. As cifras no caso español son de 35% fronte ao 77,7%.

Unha característica moi significativa deste colectivo con respecto á súa situación laboral, é que a maioría son inactivos, aspecto que aumenta notablemente coa idade e co grao de discapacidade recoñecido.

Táboa 6.11. Fogares con algunha persoa entre os 16 e 64 anos con discapacidade, e relación coa actividade. Galicia (miles)


Relación	2014	2017
Total	91,9	115,4
Con algún membro activo	63	76,9
-con todos os membros ocupados	38	53,2
-con todos os membros parados	11,8	11,8
-con ocupados e parados	13,2	12
Con todos os membros inactivos	28,9	38,5

Fonte: IGE

Nos fogares galegos con algunha persoa con discapacidade en idade de traballar, un 66,6% ten algún membro activo, menos da metade (46,1%) ten tódolos membros ocupados e un 10,2% estaría na situación de todos parados. Estas cifras empeoran lixeiramente con


relación ao ano 2014, posto que pasamos de ter un total de 31,4% fogares con todos os membros inactivos a un 33,4% no ano 2017.

Gráfico 6.7. Distribución dos fogares (persoas 16-64 anos) con discapacidade en relación coa actividade. Galicia, 2017 (%)



Fonte: IGE


Gráfico 6.8. Persoas Con Discapacidade segundo actividade e sexo. Galicia. 2017 (%)



Fonte: IGE, INE

Dentro do colectivo das Persoas Con Discapacidade os homes representan o 58,4% fronte as mulleres (41,6%). Superan ás mulleres en 20 puntos en canto a poboación inactiva e parada, sen embargo as porcentaxes son moi similares na poboación ocupada.

Gráfico 6.9 . Evolución da taxa de emprego e de paro das persoas con discapacidade. Galicia. 2014-2017 (%)



Fonte: IGE. Enquisa de Poboación Activa

O gráfico mostra a evolución positiva da taxa de emprego (de 14,3% a 20%), e a baixada na taxa de paro (de 35,1% a 29,2%) nos últimos catro anos (2014-2017).

Táboa 6.12. . Taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, e sexo. Galicia e España. Ano 2017 (%)

		Galicia			España		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Persoas sen discapacidade	Taxa de actividade	81,4	72,5	76,9	83,7	71,8	77,7
	Taxa de emprego	69,5	60,7	65	70,8	58,2	64,4
	Taxa de paro	14,6	16,3	15,4	15,4	18,9	17,1
Persoas con discapacidade	Taxa de actividade	26	31,2	28,2	35,1	35	35
	Taxa de emprego	17,3	23,6	20	26	25,6	25,9
	Taxa de paro	33,4	24,3	29,2	25,8	26,7	26,2


Fonte: IGE, INE

Ao comparar as taxas de actividade da poboación con e sen discapacidade, destaca a baixa taxa de actividade das persoas con discapacidade, situouse no ano 2017 nun 28,2%, 48,7 puntos por debaixo da do colectivo de persoas sen discapacidade. Ademais é maior no caso das mulleres 31,2% fronte a 26% dos homes, situación que muda si falamos das persoas sen discapacidade (81,4% homes e 72,5% mulleres).

A taxa de emprego foi do 20,0%, 45 puntos por debaixo da correspondente ás persoas sen discapacidade. A taxa de paro, pola contra, foi superior á deste colectivo: 29,2% para as persoas con discapacidade fronte a 15,4% para a poboación sen discapacidade.

Por sexo, os homes teñen unha menor taxa de emprego (17,3%) e unha maior taxa de paro (33,4%) con respecto ás mulleres do colectivo de PSD, ó contrario do que acontece si nos centramos nas persoas sen discapacidade. No contexto español, as cifras melloran lixeiramente para o colectivo de PCD con un 25,9% de taxa de emprego e un 26,2% de taxa de paro.

Gráfico 6.10. **Taxas de actividade, emprego e paro da poboación con e sen discapacidade, e sexo (%) en Galicia. Ano 2017**



Fonte: IGE


Táboa 6.13. **Taxas de actividade e emprego das PCD segundo o tipo de discapacidade. Galicia. 2017 (%)**

	Taxa de actividade	Taxa de emprego
Física e outras	35,7	26,2
Intelectual	17,2	5
Mental	17,7	5,7
Sensorial	44,8	33,3
Non consta	14	11,9
Total	28,2	20

Fonte: IGE

Outras características desta poboación son que as discapacidades sensorial e a física levan asociadas unha maior taxa de emprego. Pola contra as taxas de actividade cando as limitacións son intelectuais e mentais non se traducen en emprego.

Gráfico 6.11. Taxas de actividade e emprego das PCD segundo o tipo de discapacidade. Galicia. 2017 (%)



Fonte: IGE

En canto á xornada laboral, o 84,1% das persoas ocupadas con discapacidade traballan a xornada completa (2,6 puntos inferior ao colectivo de persoas ocupadas sen discapacidade). A maior parte do colectivo de ocupados con discapacidade son asalariados, das cales o 76,3% tiñan un contrato indefinido (3,4 puntos máis que a poboación asalariada sen discapacidade). A nivel nacional a maioría dos traballadores con discapacidade no ano 2017 eran asalariados (89,1%), tiñan contrato indefinido (74,4%), xornada completa (81,8%) e desempeñaban a súa actividade no sector servizos (82,7%).


Táboa 6.14 . Porcentaxe de poboación con discapacidade segundo nivel de estudos e sexo Galicia, 2017 (%)

	Total	Homes	Mulleres
Poboación analfabeta	4,4	4,4	4,4
Primaria	19,7	20,4	18,9
Secundaria e programas de formación e inserción laboral	60,0	62,3	56,7
Superiores	15,9	12,9	20,0

Fonte: IGE

O 95,6% da PCD ten estudos, na súa maioría secundarios (60%). En canto ao sexo destaca a porcentaxe de mulleres con estudos superiores (20,04%), case 7,5 puntos por encima dos homes.

Gráfico 6.12. Poboación con discapacidade segundo nivel de estudos e sexo. Galicia, 2017 (%)



Fonte: IGE

Fronte a esta situación laboral das persoas con discapacidade, os CEE xogan un importante papel na inserción laboral deste colectivo. En Galicia os CEE empregaron no ano 2017 a un total de 2466 persoas con discapacidade, o que representa o 9,8% do total de persoas con discapacidade ocupadas (25100 persoas). Do total de traballadores con discapacidade, 1648 foron empregadas en CEE da Economía Social (66,8%) e 818 foron en centros da economía capitalista (33,2%). Os CEE de iniciativa social empregan ao 66,8% dos traballadores do total mentres que os de iniciativa empresarial fano no 33,2% restante. As persoas con discapacidade constitúen a maioría do persoal superando o 90% do emprego no total de CEE.

Táboa 6.15. Emprego a persoas con e sen discapacidade en CEE, 2017


	Total		Social		Capitalista	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
CEE	118	2.075	62	1.083	56	992
Con discapacidade	2.466	82.899	1.648	55.841	818	27.058
Sin Discapacidade	214	12.518	142	9.230	72	3.288
Total	2.680	95.417	1.790	65.071	890	30.346

Fonte: CIRIEC-España

Tomando como referencia os datos proporcionados por CIRIEC-España, o emprego medio dos CEE a nivel nacional é de 45.9 persoas, superior ao emprego medio dos CEE de Galicia que se sitúa en 22.7 persoas. Este menor emprego medio dos CEE de Galicia descomponse en: (i) un menor emprego medio de persoas con discapacidade, (20.9 fronte a 40.0) e (ii) un menor emprego de persoas sen discapacidade (1.8 fronte a 6.0). Por tipoloxía de centros, os CEE de ES de Galicia rexistran un emprego medio de 26.6 persoas con

discapacidade, inferior ao que rexistran os CEE de es a nivel nacional (51,6), pero superior ao que rexistran os CEE da EC na comunidade galega que se sitúa en 14,6.

Gráfico 6.13 . Empleo medio en CEE das persoas con discapacidade. Nº persoas. Galicia e España. 2017




Fonte: CIRIEC-España

6.7. Os contratos nos CEE


Os contratos específicos a persoas con discapacidade aumentaron de forma significativa nos últimos anos tanto na comunidade galega como a nivel nacional, sendo especialmente importante nos últimos anos do período, sobre todo no caso galego, tal como mostran os seguintes gráficos.

Gráfico 6.14. Contratos Específicos a PCD, Galicia, 2006-2018 (Miles)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos


Gráfico 6.15. Contratos Específicos A PCD, España, 2006-2018 (Miles)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos


Segundo os datos do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), dende o ano 2013 para Galicia, e o 2008 para España, máis do 50% dos contratos específicos a persoas con discapacidade realizáronse en CEE. A evolución é máis positiva no caso español cun 71,06 % no último ano, fronte ao 57,96% no caso galego.

Gráfico 6.16. Contratos Específicos a PCD en CEE, Galicia (% do total), 2006-2018



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos

Gráfico 6.17. Contratos Específicos a PCD en CEE, España (% do total), 2006-2018



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos

Con relación ao tipo de contrato, os contratos temporais superan o 57% do total de contratos específicos realizados a persoas con discapacidade en Galicia en todos os anos considerados, chegando a alcanzar o 80% no ano 2006. Pola contra a situación a nivel nacional, a temporalidade é superior ao 63%, acadando o 84% no ano 2015. Pero esta situación empeora si falamos dos CEE. Así, para o caso galego, as cifras non baixan do 78,9% chegando ao 95,6% no ano 2011. No caso español as porcentaxes oscilan entre o 88,8% e o 96,4% (ano 2012).

Táboa 6.16. Contratos específicos realizados a PCD en Galicia en función do tipo de contrato (%), 2006-2018

	Totais (Inclue CEE)		En CEE	
	Indefinidos(%)	Temporais (%)	Indefinidos(%)	Temporais (%)
2006	42,5	57,5	19,9	80,2
2007	40,6	59,4	21,1	78,9
2008	37,7	62,3	16,6	83,4
2009	37,3	62,7	12,9	87,1
2010	30,7	69,3	10,9	89,1
2011	27,9	72,1	4,4	95,6
2012	26,7	73,4	6,3	93,7
2013	20,9	79,1	7,3	92,7
2014	18,6	81,4	6,5	93,5
2015	18,9	81,1	6,4	93,6
2016	19,9	80,1	6,8	93,2
2017	20,7	79,3	6,4	93,6
2018	22,4	77,6	9,1	90,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos


Táboa 6.17. Contratos específicos realizados a PCD en España en función do tipo de contrato (%), 2006-2018

	Totais (Inclue CEE)		En CEE	
	Indefinidos(%)	Temporais(%)	Indefinidos(%)	Temporais(%)
2006	36,8	63,2	10,0	90,0
2007	36,0	64,0	11,2	88,8
2008	33,3	66,7	11,3	88,8
2009	28,3	71,7	9,0	91,0
2010	26,5	73,5	7,0	93,0
2011	23,9	76,1	5,6	94,4
2012	19,6	80,4	3,6	96,4
2013	16,7	83,3	7,2	92,8
2014	16,3	83,7	7,1	92,9
2015	15,7	84,3	6,1	93,9
2016	19,0	81,0	8,2	91,8
2017	19,1	81,0	8,8	91,2
2018	20,2	79,8	10,2	89,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos


No seguinte gráfico vemos como e evolución dos contratos indefinidos a Persoas con Discapacidade diminúe significativamente no caso galego (de 19,85% a 9,14% no ano 2018); sen embargo aínda que para España no ano 2006 se levaban a cabo a metade de contratos indefinidos que en Galicia, esa cifra permanece moi similar no ano 2018.

Gráfico 6.18. Contratos específicos a PCD en CEE. Indefinidos (%). Galicia e España, 2006-2018



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos

Gráfico 6.19. Contratos específicos a PCD en CEE en función do tipo de contrato, Galicia e España. Anos 2006 e 2017



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE: Estadísticas de contratos.

6.8. Estrutura financeira e estrutura de ingresos

Na análise por distritos, destacan as porcentaxes de comuneiros do distrito Caldas-O Salnés (19,1 %) e Vigo-Baixo Miño, que achega o 16,2 % do total de Galicia. Porén, Ferrol supón menos do 1 % dos comuneiros da nosa comunidade (**Táboa 9.5**). En termo medio, cadaunha das CMVMC ten 44 comuneiros, oscilando entre un mínimo de 7 (que é o valor medio nas 284 CMVMC do distrito de A Fonsagrada-Os Ancares) e 147, número medio nas entidades do distrito de Vigo-Baixo Miño


Táboa 9.5. Número de comunidades de montes veciñais en man común e comuneiros por distrito, 2018.

DISTRITO	Número de comunidades de montes veciñais en man común	Media do número de comuneiros	Número total de comuneiros	Porcentaxe do total de comuneiros
Ferrol	14	83	1.156	0,94
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	22	73	1.389	1,13
Santiago - Meseta Interior	15	47	561	0,46
Barbanza	152	56	8.403	6,85
Fistera	76	43	3.278	2,67
A Mariña Lucense	55	60	3.197	2,60
A Fonsagrada - Os Ancares	284	7	1.771	1,44
Terra de Lemos	201	24	4.447	3,62
Lugo - Sarria	286	25	6.621	5,39
Terra Chá	94	56	4.847	3,95
O Ribeiro - Arenteiro	239	33	7.058	5,75
Miño - A Arnoia	283	36	8.459	6,89
Valdeorras - Trives	199	24	3.855	3,14
Verín - Viana	202	38	6.914	5,63
A Limia	214	31	6.531	5,32
Deza - Tabeirós	123	22	2.645	2,16
O Condado - A Paradanta	116	70	8.252	6,72
Vigo - Baixo Miño	135	147	19.848	16,17
Caldas - O Salnés	284	81	23.502	19,15
Galicia	2994	44	122.734	99,98

Fonte: Anuario de Estatística Forestal. Xunta de Galicia (2019)

Na análise do número medio de comuneiros por provincia, destaca con claridade e provincia de Pontevedra, que case duplica o número en promedio de Galicia (**Gráfico 9.3**). Pola contra, o número medio de comuneiros nas provincias de Ourense e Lugo é relativamente menor, por debaixo a media de comuneiros das CMVMC galegas.


Gráfico 9.3. Número medio de comuneiros por provincia, 2018



Fonte:Elaboración propia con datos do Anuario de Estatística Forestal de Galicia, Xunta de Galicia (2019)

A análise conxunta do número de CMVMC e comuneiros de cada unha das provincias revela que as respectivas achegas provinciais non se corresponden exactamente. Así, para 2018, Pontevedra presenta a maior concentración de comuneiros, sendo a terceira provincia en función da presenza relativa de CMVMC. Isto pode suxerir que a atomización da propiedade nesta provincia é superior a do resto. Como se pode comprobar no **Gráfico 9.4**, a situación máis equilibrada se atopa na provincia de A Coruña.

Gráfico 9.4. CMVMC e comuneiros (%)



Fonte:Elaboración propia con datos do Anuario de Estatística Forestal de Galicia, Xunta de Galicia (2019)

As CMVMC deben cumprir unha serie de requirimentos de tipo administrativo, pero non todas elas acadan o mesmo grao de cumprimento. Neste sentido, a **Táboa 9.6** recolle a relación de CMVMC de cada distrito, indicando a porcentaxe de comunidades en cada un deles que cumpre coas obrigas administrativas segundo os datos rexistrados pola Consellería de Medio Rural. En conxunto, das 2.944 CMVMC unicamente 1.790 (59,78 %) cumpren coas obrigas administrativas en 2018. Como se reflicte na táboa, os incumprimentos se relacionan basicamente coa falta de comunicación de reinvestimentos, que supoñen un 94,27 % dos devanditos.

Táboa 9.6. Comunidades de montes veciñais en man común segundo a súa situación administrativa, 2018

DISTRITO	Cumpren coas obrigas administrativas	Non cumpren coas obrigas administrativas		Nº total de CMVMC	% CMVMC que cumpren con obrigas sobre o total
		Falta de comunicación anual de reinvestimentos (2017)*	Outras causas**		
Ferrol	11	3	0	14	78,57
Bergantiños - Mariñas Coruñesas	12	9	1	22	54,55
Santiago - Meseta Interior	11	4	0	15	73,33
Barbanza	113	36	3	152	74,34
Fisterra	59	16	1	76	77,63
A Mariña Lucense	35	20	0	55	63,64
A Fonsagrada - Os Ancares	113	138	33	284	39,79
Terra de Lemos	134	55	12	201	66,67
Lugo - Sarria	147	129	10	286	51,40
Terra Chá	71	23	0	94	75,53
O Ribeiro - Arenteiro	106	133	0	239	44,35
Miño - A Arnoia	89	194	0	283	31,45
Valdeorras - Trives	91	108	0	199	45,73
Verín - Viana	138	64	0	202	68,32
A Limia	122	91	1	214	57,01
Deza - Tabeirós	95	28	0	123	77,24
O Condado - A Paradanta	99	17	0	116	85,34
Vigo - Baixo Miño	123	12	0	135	91,11
Caldas - O Salnés	221	55	8	284	77,82
Galicia	1790	1135	69	2994	59,79

Fonte: Anuario de Estatística Forestal. Xunta de Galicia (2019)


* Falta de comunicación anual de reinvestimentos, ano 2017 (art. 125 da Lei 7/2012 de montes de Galicia)

** Outras causas: Xunta reitora sen renovar, falta de comunicación do censo actualizado de comuneiros...

Os distritos que achegan a maior porcentaxe de CMVM que están ao día no cumprimento de requirimentos son Caldas-Salnés e Lugo-Sarria, cun 12,35 % e un 8,21 % do total de CMVMC que cumpren coas súas obrigas administrativas. Pola contra, as comunidades dos distritos de Ferrol, Bergantiños-Mariñas coruñesas e Santiago-Meseta interior proporcionan menos do 1 % do total das CMVMC cumpridoras. Sen embargo, se tomamos como referencia o número de CMVMC que ten cada distrito (**Gráfico 9.5**), destaca con claridade

o distrito de Vigo-Baixo Miño, que cunha porcentaxe relativa do 91,1 % de comunidades cumpridoras queda moi por riba da media da comunidade autónoma. Pola contra, as menores porcentaxes de CMVMC que cumpren coas obrigas administrativas sobre o total de comunidades se atopa nos distritos de Miño-A Arnoia (31,45 %) e A Fonsagrada-Os Ancares (39,79 %).

Gráfico 9.5. CMVMC que cumpren coas obrigas administrativas (%)



Fonte:Elaboración propia con datos do Anuario de Estatística Forestal de Galicia, Xunta de Galicia (2019)

Na análise agregada por provincias, A Coruña é a que ten, en valores absolutos, o menor número de CMVMC cumpridoras. Porén, na análise en contexto co número de CMVMC que ten cada provincia, Pontevedra acado o maior grao de cumprimento (81,8 %), mentres que as provincias de Lugo e Ourense quedan por debaixo da media de cumprimento de obrigas na comunidade galega, especialmente no caso ourensá (Táboa 9.7).

Táboa 9.7. CMVMC segundo a súa situación administrativa por provincias, 2018

Provincia	Cumplen coas obrigas administrativas	Non cumpren coas obrigas administrativas		Nº total de CMVMC	% CMVMC que cumpren con obrigas sobre o total
		Falta de comunicación anual de reinvestimentos (2017)*	Outras causas**		
A Coruña	206	68	5	279	73,84
Lugo	500	365	55	920	54,35
Ourense	546	590	1	1.137	48,02
Pontevedra	538	112	8	658	81,76
Galicia	1.790	1.135	69	2.994	59,79

Fonte: Anuario de Estatística Forestal. Xunta de Galicia (2019)

A análise da evolución dos ingresos medios das CMVMC entre os anos 2015 e 2017 (Táboa 9.8) revela un descenso continuado do 1,41 % por termo medio no conxunto de

CMVMC galegas. A caída é notable entre 2015 e 2016 (18,34 %), e entre este ano e 2017 hai unha recuperación dos ingresos, pero sen acadar os niveis de 2015. Destaca o papel da provincia de Pontevedra nesta recuperación, ao pasar de 53.103 en 2016 a 77.562 euros en 2017, un incremento superior ao 46 %. A Coruña e Pontevedra son as únicas provincias onde os ingresos en 2017 son superiores aos obtidos en 2015, aínda que con moita máis claridade no caso da provincia pontevedresa. No que se refire aos investimentos feitos nas CMVMC da comunidade galega, diminúen en termo medio un 18,83 %. Neste caso, entre 2015 e 2016 se observa un incremento de investimentos no bienio 2015-2016, que é común a todas as provincias agás a pontevedresa. Neste contexto, os investimentos nas CMVMC de Lugo destacan con claridade, cunha mellora do 50,40 % en 2016 en relación co ano precedente. No seguinte bienio, 2016-2017, a tendencia é decrecente tanto en promedio galego coma no caso individualizado da análise provincial. En contrapartida ao anteriormente comentado, a redución experimentada nos investimentos realizados na provincia lucense é moi superior a do resto das provincias (47,65 %), anulando practicamente o incremento experimentado o ano inmediatamente anterior.


Táboa 9.8. Ingresos e investimentos medios das CMVMC (€), 2015-17

Provincia	2015		2016		2017		Evolución 2015-2017 (%)	
	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento	Ingreso	Investimento
A Coruña	18.567	17.863	18.459	17.986	20.593	14.284	10,91	-20,04
Lugo	32.070	16.406	32.813	24.675	29.939	12.918	-6,65	-21,26
Ourense	35.222	20.064	31.173	23.586	29.059	17.581	-17,50	-12,37
Pontevedra	71.822	31.038	53.103	28.031	77.562	24.810	7,99	-20,06
Galicia	45.138	22.812	36.860	24.838	44.499	18.517	-1,41	-18,83

Fonte: Anuario de Estadística Forestal. Xunta de Galicia (2019)

O **Gráfico 9.6** permite comprobar a evolución dos ingresos e investimentos medios das CMVMC no período de análise. As de Pontevedra son as que rexistran maiores ingresos medios no período 2015 -2017. Esta provincia, xunto coa coruñesa, rexistra ademais un crecemento dos ingresos medios das CMVMC nestes anos (7,99 % e 10,91 % respectivamente), fronte ao decrecemento rexistrado en Lugo e Ourense (-6,65 % e -17,50 %, respectivamente). En canto aos investimentos, no período de análise prodúcense diminucións nas CMVMC das catro provincias galegas. As CMVMC lucenses, tal e como se comentou previamente, presentan a maior caída de investimentos, con algo máis dun 21 % de diminución nos últimos tres anos.


Gráfico 9.6. Ingresos e investimentos medios das CMVMC por provincia (2015-2017)



Fonte:Elaboración propia con datos do Anuario de Estatística Forestal de Galicia, Xunta de Galicia (2019)

A análise conxunta destes datos permite suxerir unha idea xenérica da rendibilidade no uso dos recursos por parte das CMVMC (**Gráfico 9.7**), aproximada a partir do cociente entre ingresos e investimentos medios. Como se constata no gráfico, hai unha lixeira perda de rendibilidade entre 2015 e 2016, menos acusada na provincia de A Coruña. Este comportamento se ve compensado coa importante mellora experimentada no bienio 2016-2017, moi acusada nas CMVMC de todas as provincias e, moi claramente, na pontevedresa. Na análise conxunta do período, A Coruña é a provincia que presenta un maior incremento na rendibilidade dos recursos, cunha mellora próxima ao 39%. Pontevedra a segue de preto, cun incremento do 35,10% e, xa a máis distancia, por Lugo (18,7%). Porén, a provincia ourensán empeora lixeiramente a ratio de rendibilidade dos investimentos, cunha relación ingresos/investimentos que empeora algo máis do 18,5% no trienio 2015-2017. En termo medio, as CMVMC galegas melloraron a ratio de rendibilidade do uso de recursos nun 21,5% no período de análise.

Gráfico 9.7. Relación Ingresos/investimentos medios das CMVMC (2015-2017)



Fonte:Elaboración propia con datos do Anuario de Estatística Forestal de Galicia, Xunta de Galicia (2019)

9.4. Mancomunidades de Montes Veciñais en Man Común (MMVMC).


A Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia tamén inclúe no catálogo de entidades de aplicación as mancomunidades de montes veciñais en man común (MMVMC). No ano 2018 hai 34 entidades deste tipo rexistradas en Galicia (**Táboa 9.9**).

Táboa 9.9. Mancomunidades rexistradas en Galicia, 2018

NOME	CONCELLO	DISTRITO	PROVINCIA
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DAS RÍAS DE AROUSA E NOIA-MUROS	Boiro	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE ARDELEIROS E ZARAMAGOSO	Lousame	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN LOUSAME	Lousame	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA	Porto do Son (O)	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN BARBANZA SUR	Ribeira	Barbanza	A Coruña
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE CARNOTA	Carnota	Fisterra	A Coruña
MANCOMUNIDADE SERRA DE RAÑADOIRO	Baralla	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE SERRA DE PICATO	Baralla	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE VAL DE RAO	Navia de Suarna	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE CARQUEIXA	Negueira de Muíñz	A Fonsagrada - Os Ancares	Lugo
MANCOMUNIDADE PASO DO CERVO	Folgoos do Courel	Terra de Lemos	Lugo
MANCOMUNIDADE LUGO SUR	Monforte de Lemos	Terra de Lemos	Lugo
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN TERRA CHÁ	Guitiriz	Terra Chá	Lugo
MANCOMUNIDADE DE AVIÓN	Avión	O Ribeiro - Arenteiro	Ourense
MANCOMUNIDADE DE MMVMC DA COMARCA DE MONTERREI	Monterrei	Verín - Viana	Ourense
MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DO CONCELLO DE CERCEDO	Cerdedo	Deza - Tabeirós	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE MVMC A PARADANTA	Cañiza (A)	O Condado - A Paradanta	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE O COVELO-A CAÑIZA	Covelo (O)	O Condado - A Paradanta	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE OIA	Oia	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE REDONDELA	Redondeira	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE SALCEDA DE CASELAS	Salceda de Caselas	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE VIGO	Vigo	Vigo - Baixo Miño	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO ACIBAL	Barro	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE FRAGAS	Campo Lameiro	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE COTOBADE	Cotobade	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO ACIBAL	Moraña	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PONTECALDELAS	Pontecaldelas	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE CARITEL	Pontecaldelas	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PONTEVEDRA	Pontevedra	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE VILAGARCÍA DE AROUSA	Vilagarcía de Arousa	Caldas - O Salnés	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO MORRAZO	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO VAL MIÑOR	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DO NOROESTE DE PONTEVEDRA	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra
MANCOMUNIDADE DE PRODUTORES DE BIOMASA FORESTAL PRIMARIA DO SUR DE GALICIA	Varios Pontevedra	Varios Pontevedra	Pontevedra

Fonte: Anuario de Estatística Forestal. Xunta de Galicia (2019).

Gráfico 9.8. Mancomunidades de MVMC por provincia (2018)



Fonte:Elaboración propia con datos do Anuario de Estatística Forestal de Galicia, Xunta de Galicia (2019)

Máis da metade destas entidades está na provincia de Pontevedra, mentres que Ourense aporta a menor porcentaxe de mancomunidades. Por outra banda, o 42,10 % das que se atopan na provincia pontevedresa están no distrito de Caldas-O Salnés, que en conxunto achega o 23,52 % das MMVMC de Galicia.

9.5. Conclusións

Como se puxo de manifesto, en Galicia temos unha estrutura de propiedade dos montes moi diferentes a outras Comunidades Autónomas. Unha parte significativa destes espazos pertencen a comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, unha figura contemplada no Dereito Civil de Galicia.

Se trata de fincas que pertencen a agrupacións veciñais, en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros da mesma, xa que son partícipes por veciños. Precisamente a súas especiais características- propiedade de natureza privada e colectiva, en réxime de aproveitamento veciñal- permiten aplicar técnicas de aproveitamento colectivo, das que non só poden beneficiarse os veciños, senón a toda a colectividade, derivadas da importantes externalidades positivas xeradas.

Na nosa Comunidade Autónoma temos 228 montes de titularidade pública, cunha superficie de 55.109 hectáreas, sendo a provincia de A Coruña a que dispón de máis espazos destas características. Polo que respecta aos MVMC a cifra supera os 3.300, cunha superficie conxunta de 664.230 hectáreas, sendo a superficie media superior as 200 hectáreas, o cal pode permitir un claro aproveitamento de estes espazos, garantindo una maior rendibilidade dos recursos. Precisamente, a provincia de Ourense é a que ten un maior potencial de aproveitamento ao ter o 38% dos montes veciñais en man común e o 42 % da superficie. A provincia de Lugo e a segunda con máis posibilidades, con 28 % dos montes e o 30,6 % da

superficie. Sen dubida o anterior pode servir para mellorar a situación demográfica destas dúas provincias, que nos últimos corenta anos están sufrindo un abandono poboacional das zonas rurais sen precedentes.

Outra das cuestións que merece salientarse é a necesidade de que as CMVMC melloren a súa situación administrativa, posto que en 2018 só un 59,8 % cumprían con todas as obrigas. Este incumprimento débese especialmente a falta de comunicación dos reinvestimentos, o que sen dubida é unha rémora para coñecer a situación actual e para mellorar o aproveitamento destes espazos. Neste apartado é necesario un maior esforzo sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo, cun grado de cumprimentos das obrigas do 48,0 % e 54,4 %, respectivamente, uns porcentaxes, a todas luces, moi baixos.

Polo tanto, hai un importante traballo por realizar nos vindeiros anos se queremos que as CMVMC e MMVMC acaden o papel que lle debe corresponder na economía social de Galicia. Para iso é necesario un maior esforzo para mellorar a rendibilidade das explotacións forestais, o que sen dubida terá non so beneficios económicos, senón tamén sociais e medioambientais. Unha cuestión moi a ter en conta para que Galicia mellore o seus indicadores de economía social.

9.6. Recomendacións

Como foi sinalado as CMVMC son unha figura específica en Galicia, onde a titularidade corresponde as agrupacións veciñais, que non permiten a súa divisibilidade. Sen embargo, un 40% das CMVMC non cumpren con todas as obrigas esixidas o que contrasta co dato da superficie media que supera as 200 hectáreas, o que debería garantir o seu aproveitamento para a produción rendible.

Polo tanto, é necesario potenciar a utilización e aproveitamento dos montes galegos, se realmente se queren obter beneficios socioeconómicos. De feito, os primeiros pasos parecen que se están a dar. En concreto a Lei 3/2018, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia introduce, no capítulo VII un conxunto de medidas en materia de medio rural que afectan as CMVMC.

A primeira modificación corresponde a Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, onde se introduce unha nova regulación do arrendamento dos montes que busca garantir unha explotación rendible, a partires das características de determinados cultivos e realiza unha aposta polo investimento, especialmente en aqueles espazos que están abandonados ou en risco de abandono.

A segunda modificación que introduce a Lei 3/2018, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas da Xunta de Galicia, implica cambios na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. Se prantexa unha ampla batería de medidas para evitar os riscos do abandono das parcelas forestais e se aposta polo aproveitamento sostible e unha mellora do réxime administrativo dos aproveitamentos. Ademais hai que ter en conta os cambios que introduce o Decreto 32/2016 en lo relativo a ordenación e xestión de montes en Galicia,

xa que coa nova normativa estas entidades deben ir máis alo da extracción do recursos, debendo investir parte de eses beneficios no mantemento e mellora do monte. Posto que todas estas actuacións son de recente aplicación, aínda é cedo para coñecer os seus resultados, pero esperamos que as mesmas teñan repercusión na rendibilidade das CCMC e MMVMC.

Ademais, se podería pensar en aplicar certos incentivos fiscais que fomenten o aproveitamento do monte. A actuación da administración debería non só considerar medidas coercitivas –como o control de plantación de certas especies– senón ser máis proactiva, xa que esta é a forma para que os propietarios do monte realicen unha mellor xestión. Asemade, débese continuar coa política de subvencións para favorecer o aproveitamento produtivo dos nosos montes, por todos os beneficios –non só económicos– que supón este tipo de actividades.

Finalmente, creemos necesario que as CMMC e as MMVMC realicen un esforzo de planificación produtiva do seus recursos co obxecto de avaliar todo o seu potencial. O anterior non resulta excesivamente complicado e permitiría garantir un maior axuste entre oferta e demanda. A actuación a levar a cabo pasaría por coñecer as necesidades dos comuneiros e da poboación da zona e orientar a produción as potencialidades dos recursos dispoñibles. Afortunadamente o monte galego é moi polivalente, polo que estes espazos se poden dedicar a múltiples usos, dende os máis tradicionais vinculados co sector forestal –exploración da madeira-, especies frutais- castañas, nogais, cogomelos, froitos do bosque-, gandeiras (vacún, ovino, caprino, cabalar ou porcino), enerxéticas (biomasa, eólica), recreativas e turísticas. En resumo, un abano amplo de posibilidades que melloraría a economía social.

9.7. Referencias bibliográficas

- Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, AGACA (2019). <http://agaca.coop/>
España. Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social.
España. Lei 55/1980 de 11 de novembro, de montes veciñais de man común.
Foro Económico de Galicia (2019). *Xornada sobre o sector forestal*, Ribadavia, 30 de maio de 2019.
Galicia. Decreto 32/2016, de 23 de marzo, polo que se modifica o Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.
Galicia. Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.
Galicia. Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social de Galicia.
Galicia. Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
Galicia. Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais de man común.
Galicia. Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

Galicia. Lei 3/2018, de 28 de decembro de medidas fiscais es administrativas da Xunta de Galicia.

Xunta de Galicia (2019). *Anuario de Estatística Forestal de Galicia*, Santiago de Compostela, https://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/estadistica_forestal_gallega/.

10. AS MUTUAS DE SEGUROS E MUTUALIDADES DE PREVISIÓN SOCIAL

10.1. Principais datos agregados

En xullo de 2019 teñen a súa sede en Galicia 4 mutuas de seguros e mutualidades de previsión social. Estas agruparon no 2018 a 6.767 socios, xeraron 10 empregos directos e tiveron un volume de negocio directo (primas devengadas) de 10.108 miles de euros.

10.2. Marco legal

Existen diferentes tipos de entidades privadas que poden desenvolver a actividade aseguradora. Entre elas figuran as mutuas de seguros e as mutualidades de previsión social. En ambos casos, trátase de entidades sen ánimo de lucro que dan cobertura aos seus socios dos riscos por elas asegurados. Desde a Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, tanto as mutuas de seguros como as mutualidades de previsión social só poderán operar a prima fixa, isto é, asegúrase o risco mediante o pago dunha prima predeterminada ao comezo do período.

As mutuas de seguros son, por tanto, sociedades mercantís sen ánimo de lucro, que teñen por obxecto a cobertura aos socios, sexan persoas físicas ou xurídicas, dos riscos asegurados mediante unha prima fixa pagadeira ao comezo do período do risco. O obxectivo da mutua é maximizar os beneficios que prestan aos seus mutualistas.

Pola súa parte, as mutualidades de previsión social son entidades aseguradoras privadas sen ánimo de lucro que exercen unha modalidade aseguradora de carácter voluntario complementaria ao sistema da Seguridade Social obrigatoria, mediante aportacións dos

mutualistas, persoas físicas ou xurídicas, ou de outras entidades ou persoas protectoras. Non obstante, algunhas mutualidades, xa recoñecidas, poderán seguir funcionando como alternativas á Seguridade Social.

Segundo o art. 44 da Lei 20/2015, no referido á previsión de riscos sobre as persoas, as mutualidades de previsión social poderán realizar as seguintes operacións de seguro: a) cobertura das contingencias de morte, viuvez, orfandade, xubilación e dependencia, en forma de capital ou renda, así como o outorgamento de prestacións por razón de matrimonio, maternidade, fillos e defunción; b) cobertura das contingencias de accidentes e invalidez para o traballo, enfermidade, defensa xurídica, e asistencia; e c) prestar axudas familiares para subvenir as necesidades motivadas polos feitos ou actos xurídicos que impidan temporalmente o exercicio da profesión.

En canto á previsión do risco sobre as cousas, poderán asegurarse danos sobre os seguintes bens: a) vivendas de protección oficial e outras de interese social sempre que estean habitadas polo propio mutualista e a súa familia; b) maquinaria, bens e instrumentos de traballo de mutualistas que sexan emprendedores e pequenos empresarios; e c) colleitas de fincas cultivadas persoalmente polo agricultor ou a súa familia, cando a súa cobertura non estea comprendida no plan anual de seguros agrarios combinados, así como os bosques, gandos, colmeas, viveiros piscícolas e granxas de cría de animais para consumo que estean integrados na unidade de explotación familiar.

As mutualidades de previsión social que cumpran determinados requisitos poderán tamén outorgar prestacións sociais vinculadas ás citadas operacións de seguros.

Por outra banda, as mutualidades de previsión que obteñan a autorización administrativa correspondente poderán operar por ramos de seguro y non estarán suxeitas aos límites impostos no artigo 44.

A competencia sobre as Mutualidades de Previsión Social non integradas na Seguridade Social transfírese á Comunidade Autónoma de Galicia na Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma.

A regulación autonómica na materia concrétese nas seguintes normas:

- Orde do 5 de maio de 1999 pola que se crea o Rexistro Autonómico de Mutualidades de Previsión Social Non Integradas na Seguridade Social.
- Decreto 277/1999, do 14 de outubro, polo que se regula a cualificación de xubilación mutual protexida.
- Dado o carácter en xeral básico da normativa estatal, rexen supletoriamente as seguintes disposicións
- Real Decreto 1430/2002, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de mutualidades de previsión social.
- Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, sobre os departamentos e servizos de atención ó cliente e o defensor do cliente das entidades financeiras.
- Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras

- Real Decreto Legislativo 1060/2015, do 20 de novembro, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras

O réxime xurídico das mutualidades de previsión social é complexo como consecuencia da súa dobre natureza, como entidades aseguradoras e como entidades da economía social.

As características que permiten incluír ás mutualidades de previsión social entre as entidades da economía social son (Montero, Reza e Pedrosa, 2016): a) os principios de participación democrática que rexen o seu goberno e xestión, de xeito que a distribución de beneficios e a participación na toma de decisións non están determinadas polas aportacións aos fondos da mutua; b) son entidades sen ánimo de lucro; c) a solidariedade que as caracteriza, de modo que, na meirande parte dos casos, as prestacións son as mesmas para todos os mutualistas independentemente da súa contribución; e d) a independencia dos poderes públicos.

Agora ben, parte desta filosofía podería estar diluíndose. Montero, Reza e Pedrosa (2016) consideran que as novidades introducidas pola Lei 20/2015 e polo Real Decreto 1060/2015, cuxo obxecto é incorporar o Dereito da Unión Europea (Directiva Solvencia II) no mercado asegurador, tenden a dificultar a participación dos mutualistas nos órganos de dirección das mutualidades de previsión social. Ditos cambios endurecen os requisitos para acceder á xestión ou a dirección, e favorecen que o control efectivo das entidades acabe residindo en xestores expertos e non na maioría dos mutualistas. Estes últimos, ademais, non parecen ter entre as súas prioridades a participación nos órganos de xestión, especialmente nas mutualidades máis grandes.

10.3. Identificación do sector en Galicia

As mutuas de seguros poden ser de ámbito nacional, autonómico, provincial ou local. Segundo o rexistro público de entidades aseguradoras da Dirección General de Seguros¹⁸, en abril de 2019 había activas en España 28 mutuas de ámbito nacional. Delas, unha ten a súa sede en Galicia. Trátase da Sociedad de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo, mutualidad de seguros y reaseguros a prima fija (táboa 10.1).

Con respecto ás mutualidades de previsión social, non figura no rexistro da Dirección General de Seguros ningunha de ámbito nacional activa con sede en Galicia. Hai 3 de ámbito territorial no rexistro de Mutualidades de Previsión da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia¹⁹, que son (táboa 10.1):

- Unión de Artesanos Mutualidad de previsión social a prima fija
- Mutualidad de Previsión Social del Noroeste a prima fija
- Mutualidad de Previsión Social a prima fija, Unión Protectora

¹⁸ <http://www.dgsfp.mineco.es/es/Consumidor/RegistrosPublicos/Paginas/Aseguradoras.aspx>

¹⁹ <https://xumco.cixtec.es/Xumco/noframework.aspx?loginid=0fe2f0f3-046d-45d1-a622-33fe9c7fde38>

Táboa 10.1. **Mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia. Abril 2019**

Entidade	Tipo	Localidade
SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARÍTIMOS DE VIGO, MUTUALIDAD DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	Mutua de seguros	Vigo (Pontevedra)
UNIÓN DE ARTESANOS MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA	Mutualidade de previsión social	Santiago de Compostela (A Coruña)
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL DEL NOROESTE A PRIMA FIJA	Mutualidade de previsión social	Ferrol (A Coruña)
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA, UNIÓN PROTECTORA	Mutualidade de previsión social	Santiago de Compostela (A Coruña)

Fonte: *Rexistro da Dirección Xeral de Seguros e Rexistro da Consellería de Facenda*

Recollemos na táboa 10.2 o obxecto social das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia.

Táboa 10.2. **Ámbito de cobertura das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia**

Entidade	Ámbito de cobertura
SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARÍTIMOS DE VIGO, MUTUALIDAD DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	Vehículos marítimos, lacustres e fluviais; mercancías transportadas; responsabilidade civil vehículos marítimos, lacustres e fluviais; accidentes.
UNIÓN DE ARTESANOS MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA	Prestar asistencia médico-cirúrxica aos mutualistas ou aos seus beneficiarios.
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL DEL NOROESTE A PRIMA FIJA	Cubrir, na previsión de riscos sobre as persoas, as contingencias de morte, viuvez, invalidez para o traballo e xubilación, na forma de capital ou renda.
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA, UNIÓN PROTECTORA	Cobertura do seguro de enfermidade na súa modalidade de prestación de servizos médico-hospitalarios.

Fonte: *Rexistro da Dirección Xeral de Seguros e Estatutos das mutualidades*


Aínda que non son un número elevado, as mutuas de seguros e mutualidades de previsión social que están neste momento activas en Galicia teñen unha longa traxectoria. Atendendo á información dispoñible nas *webs* e informes das entidades, a Sociedad de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo nace como compañía aseguradora de buques de

pesca en 1896; a Unión de Artesanos Mutualidad de previsión social a prima fija procede da Unión de Artesanos, sociedade benéfica e instructiva de socorros mutuos creada en 1926; a Mutualidad de previsión social del Noroeste foi constituída en 1987 e emana do Fondo de previsión social de astilleros e talleres del Noroeste, S.A. creada no 1962; e a Mutualidade de previsión social a prima fija, Unión Protectora ten a súa orixe o primeiro de xaneiro de **1892 en Santiago de Compostela**.

Entre 2015 e 2018, no Listado de Empresas máis relevantes da Economía Social de CEPES, ningunha das mutualidades galegas de previsión social figura entre as 25 mutualidades de España máis destacadas polo seu volume de patrimonio. Todas as mutualidades galegas considéranse de reducida dimensión, dado que os seus ingresos brutos anuais por primas devengadas non exceden os 5 millóns de euros.

En 2018, as entidades consideradas acollen a 6.767 mutualistas/asegurados (gráfico 10.1). Prodúcese unha lixeira diminución na cifra total con respecto ao ano anterior, aínda que o comportamento das empresas é dispar, observándose incremento na metade delas e diminución na outra metade. Entre os requisitos que deben cumprir as mutualidades de previsión segundo o artigo 43 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, figura o feito de que a condición de socio mutualista será inseparable da de tomador do seguro ou de asegurado, sempre que este último sexa o pagador final da prima.

Gráfico 10.1. Número de mutualistas/asegurados nas mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia. 2017-2018




Fonte: Informes da situación financeira e de solvencia (ISFS) e información directa das empresas

10.4. Datos sociais e económicos das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social de Galicia

En total, no 2018 había 10 persoas empregadas nas mutuas e mutualidades de previsión nestas empresas (gráfico 10.2). Delas, 5 son mulleres e 5 homes (táboa 10.3). Estas cifras vense mantendo nos anos recentes. Agora ben, hai moitos outros profesionais vinculados ás mutuas. Pode servir como exemplo o caso da Unión de Artesanos, na que os médicos non son empregados directos, só perciben os honorarios, de xeito que, en total, contando cos convenios de colaboración, serían sobre 540 persoas.

Os datos de persoas empregadas obtivéronse do Informe da situación financeira e de solvencia (publicados nas páxinas web das entidades) nalgúns casos e da solicitude directa ás entidades noutros.

Gráfico 10.2. Número de empregados directos nas mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia. 2017-2018



Fonte: Informes da situación financeira e de solvencia (ISFS) e información directa das empresas


Táboa 10.3. Empregados directos (por sexo). 2017-2018

	2018		2017	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARITIMOS DE VIGO, MUTUALIDAD DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	2	4	2	4
UNIÓN DE ARTESANOS MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA	2	0	2	0
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL DEL NOROESTE A PRIMA FIJA	0	0	0	0
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA, UNIÓN PROTECTORA	1	1	1	1
TOTAL	5	5	5	5

Fonte: Informes da situación financeira e de solvencia (ISFS) e información directa das empresas

En 2018, as primas devengadas polas mutuas e mutualidades de previsión social en Galicia acadaron 10.108 miles de euros (gráfico 10.3), dos cales 9.897 corresponderon ao ramo non vida (táboa 10.4). No 2017, foron 8.683 miles de euros dos cales 8.434 pertenceron ao ramo non vida. Obsérvase, polo tanto, un incremento no volume de negocio en 2018 atribuíble na súa meirande parte á mutua de seguros viguesa.

Gráfico 10.3. Primas percibidas por mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia. 2017-2018 (miles de euros)



Fonte: Informes da situación financeira e de solvencia (ISFS) das entidades

Táboa 10.4. Primas percibidas por ramo Vida/Non vida. 2017-2018 (miles de euros)

	Vida		Non vida	
	2018	2017	2018	2017
SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARITIMOS DE VIGO, MUTUALIDAD DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA			6.878	5.543
UNIÓN DE ARTESANOS MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA			2.360	2.220
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL DEL NOROESTE A PRIMA FIJA	211	249		
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA, UNIÓN PROTECTORA			659	672
TOTAL	211	249	9.897	8.434

Fonte: Informes da situación financeira e de solvencia (ISFS) das entidades

Na base de datos da *Memoria estadística anual de empresas aseguradoras* do ano 2017, dispoñible na páxina web da Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones, no evolutivo das entidades atendendo ao volume de negocio directo (primas devengadas por

seguro directo), no ramo “transportes cascos” a Sociedad de Seguros Mutuos Marítimos de Vigo ocupa o octavo lugar dun total de 26 empresas e no ramo “transportes mercancías” ocupa o décimo sexto posto de 28 empresas.

Na citada Memoria non se inclúen as mutualidades de previsión social competencia da Comunidade Autónoma.

Presentamos na táboa 10.5 algúns datos básicos das mutuas de seguros e mutualidades de previsión con sede en Galicia, extraídos dos informes da situación financeira e de solvencia das entidades. O dato dos ingresos da conta técnica calculouse como a suma das primas imputadas ao exercicio (netas de reaseguro), máis ingresos do inmovilizado material e das inversións, e máis outros ingresos técnicos. A conta técnica recolle as partidas directamente vinculadas á actividade aseguradora, sen incluír outros ingresos e gastos que poida ter a empresa alleos a dita actividade. En relación con dita conta cabe engadir que os resultados do exercicio no 2018 na mesma son positivos na Unión de artesanos e na Mutualidad de previsión social del Noroeste. Todas as entidades manteñen os seus niveis de solvencia dentro dos límites de risco.

Táboa 10.5. Algúns datos básicos das mutuas de seguros e mutualidades de previsión social con sede en Galicia. 2017-2018 (miles de euros)

	Ingresos da conta técnica		Activo total		Fondos propios	
	2018	2017	2018	2017	2018	2017
SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARITIMOS DE VIGO, MUTUALIDAD DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA	1.002	749	24.955	21.559	16.620	16.021
UNIÓN DE ARTESANOS MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA	2.372	2233	1.492	1.345	842	821
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL DEL NOROESTE A PRIMA FIJA	211	606	8.957	10.178	1.091	809
MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA, UNIÓN PROTECTORA	669	680	1.175	1.208	798	839

Fonte: Informes da situación financeira e de solvencia (ISFS) das entidades

10.5. CONCLUSIÓNS

Existen diferentes tipos de entidades privadas que poden desenvolver a actividade aseguradora. Entre elas figuran as mutuas de seguros e as mutualidades de previsión social.

As mutuas de seguros son sociedades mercantís sen ánimo de lucro, que teñen por obxecto a cobertura aos socios, sexan persoas físicas ou xurídicas, dos riscos asegurados

mediante unha prima fixa pagadeira ao comezo do período do risco. O obxectivo da mutua e maximizar os beneficios que prestan aos seus mutualistas.

Pola súa parte, as mutualidades de previsión social son entidades aseguradoras privadas sen ánimo de lucro que exercen unha modalidade aseguradora de carácter voluntario complementaria ao sistema da Seguridade Social obrigatoria, mediante aportacións dos mutualistas, persoas físicas ou xurídicas, ou de outras entidades ou persoas protectoras. Non obstante, algunhas mutualidades, xa recoñecidas, poderán seguir funcionando como alternativas á Seguridade Social.

A normativa estatal modifícase ca Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras. A competencia sobre as mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social transferiuse á Comunidade Autónoma de Galicia na Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma.

En abril de 2019, había activas en España 28 mutuas de ámbito nacional. Delas, unha ten a súa sede en Galicia. Con respecto ás mutualidades de previsión social, hai en Galicia rexistradas 3 de ámbito territorial, todas elas consideradas de reducida dimensión.

Aínda que non son un número elevado, as mutuas de seguros e mutualidades de previsión social que están neste momento activas en Galicia teñen unha longa traxectoria. En 2018, as entidades consideradas acollen a 6.767 mutualistas/asegurados.

No 2018 había 10 persoas empregadas nestas empresas, 5 eran mulleres e 5 homes. Estas cifras vense mantendo nos anos recentes. Agora ben, debe terse en conta que hai moitos outros profesionais que traballan vinculados ás mutuas.

En 2018, as primas devengadas polas mutuas e mutualidades de previsión social en Galicia acadaron 10.108 miles de euros, dos cales 9.897 corresponderon ao ramo non vida. Todas as entidades manteñen os seus niveis de solvencia dentro dos límites de risco.

Cabe sinalar que o réxime xurídico das mutualidades de previsión social é complexo debido á súa dobre natureza, como entidades aseguradoras e como entidades da economía social. Unha consecuencia disto é que as novidades que se están a introducir na lexislación tenden a dificultar a participación dos mutualistas nos órganos de dirección. Ditos cambios endurecen os requisitos para acceder á xestión ou a dirección, e favorecen que o control efectivo das entidades acabe residindo en xestores expertos e non na maioría dos mutualistas. Estes últimos, ademais, non parecen ter entre as súas prioridades a participación nos órganos de xestión, especialmente nas mutualidades máis grandes.

10.6. Referencias bibliográficas

Montero Vilar, J.A.; Reza Conde, M.C e Pedrosa Leis, C. (2016). Mutualidades de previsión social, economía social y mercado asegurador. *CIRIEC-España, Revista Jurídica de Economía Social y Cooperativa*, 29, 47-79.

11. A ENTIDADE SINGULAR ONCE E A FUNDACIÓN ONCE

11.1.Introdución

A ONCE é unha Corporación de Dereito Público de carácter social, e base asociativa, amparada pola Ley 5/2011. Incluída na denominada economía social, a ONCE está considerada como unha entidade singular, cun funcionamento baseado na xestión e goberno democráticos, na que os seus afiliados teñen plena participación na elección dos seus órganos de representación, que son o Consello Xeral e os Consellos Territoriais.

Sendo unha Corporación de Dereito Público colabora co Estado en determinadas funcións sociais de interese xeral, obtendo certas vantaxes económicas e estando as súas actividades sometidas ao control e supervisión do Estado a través do Consello do Protectorado, que vela pola transparencia e unha correcta xestión dos recursos, sendo o destino dos ingresos percibidos a sustentabilidade da institución para o desenvolvemento da súa labor social.

A orixe do grupo se remonta ao ano 1938, coa creación da ONCE (Organización Nacional de Cegos), organización nacida para dar servizo ás persoas con cegueira ou discapacidade visual severa, que a través da Fundación ONCE, creada en 1988, ampliou os seus servizos a todas as persoas con discapacidade. O seu principal obxectivo é a inclusión social, constituída sobre o acceso á formación, o emprego e a accesibilidade universal.

O Grupo forma parte dos produtores de mercado da Economía Social, orientados á inversión social, especialmente, educación e emprego para persoas con discapacidade, e cuxo impacto na economía e o emprego é significativo; tal como sinala o "Informe de valor compartido 2017" publicado por el grupo "En 2017, desde la ONCE, su Fundación e ILUNION hemos impulsado globalmente 11.449 puestos de trabajo, de los cuales cerca de 2.000 son

internos y más de 9.500 han sido creados a través de terceras entidades –especialmente empresas–, con el apoyo del grupo social ONCE” (ONCE, 2018, pg 3).

11.2. Composición do Grupo Social ONCE

O Grupo Social ONCE está composto por tres áreas executivas principais, e conta con outras entidades dependentes do grupo:

1. A **ONCE**, corporación de dereito público de carácter social e base asociativa, cuxa actividade principal está orientada á atención das persoas con cegueira e discapacidade visual, e dedicada á xestión do xogo responsable e servizos sociais para afiliados.

A entidade se rexe polo Real Decreto 358/1991 de 15 de marzo, polo que se reordena a Organización Nacional de Cegos Españóis, e as súas modificacións posteriores; polos seus Estatutos (Orde SSI/924/2016, de 8 de xuño, pola que se publica o texto refundido do Estatutos da Organización Nacional de Cegos Españóis); e polo Acordo Xeral entre o Goberno da Nación e a ONCE en materia de cooperación, solidariedade e competitividade para a estabilidade de futuro da ONCE para o período 2012-2021, aprobado polo Consello de Ministros de 18 de novembro de 2011 e modificado posteriormente mediante revisións parciais. No Real Decreto 358/1991 establece expresamente que os plans e programas de servizos para deficientes visuais que a Organización acorde e execute se coordinarán cos obxectivos e criterios en materia de política social do Ministerio con competencias en Asuntos Sociais (que en xullo de 2019 é o Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social).

No ano 2017 a ONCE aumentou nun 3,9% os ingresos derivados da venda de produtos de lotería, acadando case que os 2.000 millóns de euros, gracias a aposta pola diversificación tanto de produtos como de canais e a modernización da estrutura desta área de negocio. O incremento dos ingresos incidiron no incremento do orzamento dedicado a inversións sociais para a atención a discapacidade, que se elevou aos 212,7 millóns de euros, o que supón o 10,7% dos ingresos. Pola súa parte, foron destinados a premios o 52% dos ingresos, mentres que o 23,9% se destinaron ao pago de salarios aos vendedores.

2. **Fundación ONCE**, denominada Fundación ONCE para la Cooperación e Integración Social de Persoas con Discapacidade, foi creada en 1988, como entidade non lucrativa con personalidade xurídica propia, co obxectivo de contribuír a mellorar a o acceso ao emprego e a accesibilidade universal, e en definitiva á mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade. Con tal fin, orienta a súa actividade á promoción da plena inclusión laboral das persoas con discapacidade; a promoción da cualificación profesional, as competencias laborais e as habilidades

persoais e profesionais das mesmas. No seu regulamento interno dáse prioridade á participación no Grupo ILUNION, S.L. A Fundación contribúe co movemento da discapacidade en España, colaborando co Comité Español de Representantes de las Personas con Discapacidad (CERMI), que agrupa a mais de 4.500 asociacións e entidades do sector.

A Fundación ONCE, ademais dos recursos xerados internamente, recibe anualmente da Corporación ONCE o 3% das vendas brutas dos xogos que a Corporación ten autorizados en España. A estes ingresos se suman os recibidos do Fondo Social Europeo, así como a percepción de donativos.

A Fundación convoca axudas ao co financiamento de iniciativas orientadas ao logro dos obxectivos, que no ano 2017 se enmarcan en tres liñas de acción, que deron como resultado a consecución de 1.771 proxectos aprobados:

- Convocatoria de axudas ao emprendemento 2017 (POISES).
- Convocatoria de axudas ao emprendemento para mozos e mozas 2017 (POEJ).
- Convocatoria de proxectos de formación e emprego para entidades da discapacidade 2017.

De estes proxectos, o 63% destinouse a actuacións relacionadas co emprego e a formación para o emprego, e o 37% a actuacións vinculadas coa accesibilidade universal. Un 98,3% do importe das axudas foron destinadas proxectos desenvolvidos por persoas xurídicas principalmente pertencentes ao movemento asociativo de persoas con discapacidade. O 1,7% restante se destinaron ás propostas de persoas físicas.

3. **Grupo Empresarial ILUNION S.L.**, é o resultado da fusión das dúas divisións empresariais FUNDOSA Y CEOSA cuxo proceso de fusión rematou en 2017. ILUNION nace como resposta á dificultade das persoas con discapacidade para lograr o seu acceso ao mundo laboral, o seu obxectivo é polo tanto o de crear emprego para as persoas con discapacidade.

O Grupo ILUNION está composto por Centros Especiais de Emprego. A finais de 2017 o grupo ILUNION mantíña 479 centros de traballo en todo o territorio español, dos que 250 (un 54%) eran Centros Especiais de Emprego. Estes 479 centros de traballo se agrupan en 5 divisións empresariais: Business & Facility Services (externalización); Comercialización; Consultoría; Sociosanitaria; e Turismo; distribuídos en mais de 50 liñas de negocio (www.ilunion.com). O persoal de ILUNION en 2017 era de 34.679 persoas, un 40,6 % con discapacidade, e facturou 847,2 millóns de euros, un 6,4% superior ao ano anterior. Destacan as inversións por importe de 53,6 millóns de euros, das que un 47% foron destinadas a ILUNION Lavanderías.

4. **Outras entidades dependentes do Grupo Social ONCE:** Fundación ONCE para a solidariedade con persoas cegas de América Latina (**FOAL**), presente en 19 países; Fundación ONCE do Can Guía (**FOPG**), Fundación ONCE de Atención a Persoas con Sordoceguera (**FOAPS**), Federación do Deporte para Cegos (**FEDC**), e outras

Federacións Autonómicas, ademais da Escola de Fisioterapia da ONCE (Adscrita á Universidade Autónoma de Madrid).

11.3. Análise económico do Grupo ONCE

España

O número de persoas empregadas, tanto como emprego directo como de participadas, no ano 2017 do Grupo Social ONCE (ONCE, Fundación ONCE e ILUNION) ascende ás 70.625 persoas, o que supón un incremento de 2.158 empregos máis que o ano anterior. En relación ao xénero, un 43,5% dos empregos son ocupados por mulleres, o que supón un total de 30.706 postos de traballo, mentres que os homes ocupan 39.919 postos, que representan o 56,5% do total.

Táboa 11.1 Emprego do Grupo Social ONCE. 2017


	número	porcentaxe
Persoas sen discapacidade	29.970	42,40%
Persoas con discapacidade	40.655	57,60%
Total emprego	70.625	100%

Fonte: Grupo ONCE (2018): Informe de valor compartido 2017

Como se pode ver na táboa 11.1, do total de emprego en 2017, un 57,6% son persoas con discapacidade, o que supón un crecemento dun 1% en relación ao 2016. De entre as 40.655 persoas con discapacidade, un 53,3% corresponden a persoas con discapacidade física (21.650 persoas) , e un 22,4% a persoas cegas afiliadas a ONCE e outras discapacidades visuais (9.105 persoas). O 24,3% restante se reparte case que equitativamente entre persoas con discapacidade intelectual, persoas con enfermidade mental , e persoas xordas.

A evolución do emprego impulsado cada ano polo Grupo Social ONCE para persoas con discapacidade empregadas nos últimos vinte anos se presenta no gráfico 11.1. onde se observa un crecemento sostible nos últimos anos, despois do período de crise sufrida. Neses anos se xerou emprego para un total de 113.124 persoas en postos de traballo e prazas ocupacionais a través de terceiras empresas.


Gráfico 11.1. Evolución do emprego impulsado polo Grupo Social ONCE para persoas con discapacidade en terceiras entidades. España. 1988-2017



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da ONCE (2018)

No gráfico 11.2. se presenta a evolución do emprego impulsado polas entidades ONCE, Fundación ONCE e ILUNION entre 1998 e 2017. Pódese observar como a participación da Fundación neste senso é con diferenza a máis elevada, e o seu crecemento moi notable a partir do ano 2013.

Gráfico 11.2. Evolución do emprego impulsado pola ONCE, Fundación ONCE e ILUNION para persoas con discapacidade en terceiras entidades. España. 1988-2017



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da ONCE (2018)

A Corporación ONCE facturou en 2017, no total de España, 1.992, 2 millóns de euros, dos que 1.988,7 millóns corresponderon a ingresos brutos por xogo e outros ingresos de

explotación, presentando un Valor Engadido Bruto de 690,3 millóns de euros. Con estes ingresos a Corporación fixo fronte aos premios de xogo, gastos de explotación, e outros.

Os ingresos no ano 2017 supoñen un incremento de entorno ao 3,6% respecto ao ano anterior, e ven seguindo unha senda de crecemento dende o ano 2014.

Táboa 11.2. **Cifra de negocios, gastos e VEB. España. Millóns de euros**

	2016	2017
Importe neto da cifra de negocios	1.919,90	1.992,20
Outros ingresos de explotación	12,6	
Premios de xogo	-980,7	-1.011,70
Aprovisionamentos	-9,4	-11,3
Outros gastos de explotación (netos)	-272,7	-275,4
Resultado financeiro	-1,7	-3,5
Valor Engadido Bruto	668	690,3

Fonte: ONCE

Táboa 11.3. **Distribución del Valor Engadido Bruto da ONCE. España. Millóns de euros**

	2016	2017
Gastos de persoal	629,9	639,2
Amortizacións	19,2	18
Excedente empresarial bruto	18,9	33,1
Valor Engadido Bruto	668	690,3

Fonte: ONCE

Os gastos de persoal representaron no ano 2017 o 92,6% do valor engadido bruto, o que reflicte a finalidade última da entidade, que é a de crear emprego para as persoas afiliadas que presentan cegueira ou discapacidade visual severa.

Pola súa parte, a Fundación ONCE, tivo uns ingresos en 2017 que ascenderon a 86,9 millóns de euros, dos que 59,8 millóns teñen o seu orixe na ONCE, o que representa case un 69%. O resto dos ingresos proceden do Fondo Social Europeo nun 23% (20,3 millóns de euros), de donativos e outras medidas (1,3 millóns) e de outros ingresos (5,5 millóns). Os gastos se reparten entre o 70% destinado a formación e emprego (61,2 millóns de euros) e un 29% a accesibilidade universal (25,3 millóns), quedando menos do 1% a gastos de administración.

No que respecta a ILUNION, as súas vendas se incrementaron entre 2016 e 2017 nun 6,4%, seguindo a tendencia ascendente que dende o ano 2013 se ven observando, alcanzando neste ano 2017 a cifra de 847.167 millóns de euros, dos que o 55,9% corresponden á división de Servicios, seguida da división de Hostalaría e Hospitalaria con un 29,5%, mentres que a división de Comercialización supuxo un 6,3%, a Sociosanitaria un 5,1%, e a de Consultoría un 2% (outros 1,2%).

Galicia

A Delegación Territorial de Galicia ten a súa sé en A Coruña, e conta con unha Dirección de Apoio en Vigo, así como axencias da ONCE en Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela. Ademais, en Galicia a ONCE conta co Centro de Recursos Educativos da ONCE en Pontevedra con ámbito de intervención en Galicia e Asturias (C.R.E. Pontevedra).

En Galicia el Grupo ILUNION S.L. mantén 25 centros de traballo con implantación nas provincias de A Coruña, Pontevedra y Ourense: ILUNION Facility Service que aglutina ás liñas de negocio ILUNION Limpeza e Medioambiente, ILUNION Lavandería e Servicios á Hostalaría e ILUNION Outsourcing; ILUNION Servicios Industriais, ILUNION Retail que conta con 3 tendas en Galicia, e ILUNION Sociosanitario con 2 ortopedias.

Os datos aportados pola delegación territorial galega da ONCE relativos ao VEB se presentan na táboa 11.3., na que se observa un incremento do VEB en 2017 en relación ao ano anterior.

Táboa 11.4 Valor Engadido Bruto de la ONCE. Galicia. Millóns de euros

	2016	2017
Gastos de persoal	24	23,9
Amortizacións	0,5	0,4
Excedente empresarial bruto	0,9	1,3
VEB	34,8	36,2

Fonte: ONCE

As persoas afiliadas á ONCE reciben desta distintos servizos sociais en materia de educación, emprego, rehabilitación, acceso á información, ocio, etc. En relación ao número de afiliados á ONCE, os datos se presentan na táboa 11.4. na que pode observarse que no ano 2017 en Galicia había 3.804 persoas afiliadas, 29 máis que no ano anterior, e supoñen o 5,27% do total de afiliados de España.

Táboa 11.5. Datos de afiliación. Galicia

	2016	2017
Galicia	3.775	3.804
España	72.256	72.239
Galicia / España	5,22%	5,27%
C. Valenciana / España	8,53%	

Fonte: ONCE

Segundo os datos aportados pola ONCE, nos últimos cinco anos (2013–2017), o Grupo Social ONCE creou emprego en todo o Estado para máis de 47.000 persoas con discapacidade e investiu 1.200 millóns de euros na súa inclusión social en todos os ámbitos da vida.

En Galicia, en relación ao emprego, a ONCE empregou a 2.148 persoas en 2017, o que representa un 3% do total nacional, das que un 56% (1.202 persoas) teñen algún tipo de discapacidade. Os datos son lixeiramente inferiores aos do ano anterior.

Táboa 11.6. Datos de emprego. Galicia e España

	2016		2017	
	Emprego total	Con discapacidade	Emprego total	Con discapacidade
Galicia	2.190	1.220	2.148	1.202
Comunidade Valenciana		4.443		
España	68.467	38.870	70.625	39.903
Galicia/España	3,10%	3,10%	3%	3%
C. Valenciana / España		11.4%		

Fonte: ONCE

A ONCE apoia a terceiros na creación de emprego de persoas con discapacidade, así, no ano 2016 se crearon en España 9.391 empregos a través de terceiras entidades (especialmente empresas) con apoio do Grupo Social ONCE (ONCE, Fundación ONCE e ILUNION), de estes, un 7,4% foron creados en Galicia, o que supón 699 novos empregos, correspondendo o 43,51% ao emprego de mulleres. Con respecto ao ano 2017, en España se crearon 9.500 empregos dos que 711 foron en Galicia (un 7,5%) e o 42,46% corresponde a mulleres.

En canto ao apoio á formación, a ONCE e o seu grupo empresarial apoia ás persoas con discapacidade mediante cursos de formación propios. No ano 2016, 11.980 persoas con discapacidade en España foron beneficiarias de cursos de formación e en Galicia 915 persoas. En 2017 o número en España ascende a 12.367 e en Galicia a 915.

A ONCE conta coa colaboración de persoas que de forma desinteresada colaboran como voluntarias nas distintas accións de acción social desenvolvidas. Así, o número de persoas voluntarias en España no ano 2016 foi de 2.100 e en Galicia de 100. No ano 2017 o número de persoas voluntarias en España ascendeu a 2.450 e en Galicia a 105. Estas persoas desenvolven tarefas de colaboración en distintos servizos, servizos que supoñen un número elevado, sendo no ano 2016 en el total de España de 38.806 e en Galicia de 1.800 servizos. Os datos do ano 2017 son superiores, chegando a os 49.283 servizos en España ea os 2.000 servizos en Galicia.

11.4. Conclusións

A Delegación Territorial de Galicia ten a súa sé en A Coruña, e conta con unha Dirección de Apoio en Vigo, así como axencias da ONCE en Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela. Ademais, en Galicia a ONCE conta co Centro de Recursos Educativos da ONCE en Pontevedra con ámbito de intervención en Galicia e Asturias (C.R.E. Pontevedra).

En Galicia el Grupo ILUNION S.L. mantén 25 centros de traballo con implantación nas provincias de A Coruña, Pontevedra y Ourense: ILUNION Facility Service que aglutina ás

liñas de negocio ILUNION Limpeza e Medioambiente, ILUNION Lavandería e Servicios á Hostalaría e ILUNION Outsourcing; ILUNION Servicios Industriais, ILUNION Retail que conta con 3 tendas en Galicia, e ILUNION Sociosanitario con 2 ortopedias.

Nos últimos cinco anos (2013–2017), o Grupo Social ONCE creou emprego en todo o Estado para máis de 47.000 persoas con discapacidade e investiu 1.200 millóns de euros na súa inclusión social en todos os ámbitos da vida.

En Galicia, en relación ao emprego, a ONCE empregou a 2.148 persoas en 2017, o que representa un 3% do total nacional, das que un 56% (1.202 persoas) teñen algún tipo de discapacidade. Os datos son lixeiramente inferiores aos do ano anterior.

11.5. Referencias bibliográficas

ONCE (2018): Informe de valor compartido 2017.

<https://www.once.es/comunicacion/publicaciones/memorias>

María Bastida

CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

Alberto Vaquero

Universidade de Vigo

Ana Olveira

CECOOP. Universidade de Santiago de Compostela

12. POLÍTICAS PÚBLICAS PARA O DESENVOLVIMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL E O ASOCIACIONISMO

12.1. Introducción

A Comunidade Autónoma galega proporciona distintas axudas para desenvolvemento da Economía Social (ES) en xeral e o cooperativismo en particular. No ámbito da Administración Autonómica, o exercicio destas competencias correspóndelle á Consellería de Economía, Emprego e Industria, onde se encadra a Secretaría Xeral de Emprego, que inclúe a Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social.

Neste contexto, desenvólense distintas actuacións que fomentan directa ou indirectamente ás empresas de ES. Debe destacarse que as entidades de ES poden postularse –en réxime de libre concorrência– a diferentes axudas públicas de carácter xeral, e concretamente nas liñas determinadas polas políticas públicas de axuda no marco do Estado. A primeira parte deste capítulo aborda precisamente estas liñas, cunha breve descrición dos principais programas de fomento.

Por outra banda, no que se refire ás liñas de axuda autonómicas é obrigada a referencia ao Decreto 225/2012, do 15 de novembro, de creación da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e a regulación do seu funcionamento. A dita Rede recolle axudas específicas para o desenvolvemento de proxectos no ámbito da ES, cun catálogo específico dirixido ao ámbito rural. O obxectivo principal é a difusión do espírito emprendedor no ámbito local, comarcal e transfronteirizo, e contribuír á consolidación de emprego relacionado coa ES. A segunda parte deste capítulo céntrase neste programa, que tenta promover este modelo empresarial en todo o territorio e especialmente en ámbito local fomentando a formación, a divulgación e o asesoramento como estratexias prioritarias para contribuír a consecución deste obxectivo.

Finalmente, existen diferentes organismos e institucións deseñadas e concibidas para colaborar na consolidación da ES en Galicia. Así, existe un Consello Galego de Cooperativas (Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro), un Rexistro de Cooperativas (Decreto 430/2001, do 18 de decembro) e unha norma específica para os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativa (Decreto 248/2004, do 14 de outubro) que tamén constitúen unha novidade en relación co desenvolto polo resto de Comunidades. A última parte do capítulo aborda este marco institucional, así como as principais iniciativas en asociacionismo das entidades de ES e cooperativismo.

12.2.Marco xeral

A actuación pública en políticas de apoio á ES e ao cooperativismo a nivel nacional foi tradicionalmente caracterizada como insuficiente e ineficaz, tal e como pon de manifesto, entre outros, os traballos de Chaves e Savall (2013) e Chaves, Savall e Monzón (2016). A partir dos estudos de Chaves (2007), Fajardo (2012) e o Comité Económico e Social (2018) pódese establecer unha primeira aproximación acerca das medidas de apoio á ES; do seu estudo, pódense sinalar a existencia de diferentes criterios e tipoloxías que se resumen na **Táboa 12.1**.

Táboa 12.1. Clasificación de medidas de apoio á economía social

CRITERIO	TIPOLOXÍA
Atención prestada ao sector da Economía Social.	<ul style="list-style-type: none"> · Específicas: dirixidas exclusivamente ao sector social, excluindo do seu ámbito de aplicación ao resto de empresas de sector privado, por exemplo, a liña orzamentaria de "Desenvolvemento da Economía Social" do Ministerio de Traballo e Seguridade Social. · Xenerais: dirixidas a todo tipo de empresas, por exemplo, as políticas de desenvolvemento rexional a través dos institutos rexionais de apoio ás empresas. · Excluíntes: dirixidas ao sector privado, non incluíndo de determina forma ás empresas de ES, por exemplo, impedindo que as cooperativas non poidan exercer como distribuidoras de enerxía eléctrica ou de carburantes.
Segundo o ámbito de aplicación.	<ul style="list-style-type: none"> · Transversais, dirixidas a todo o sector da ES. · Sectoriais: unicamente dirixidas a certas actividades da ES , por exemplo, aquelas destinadas ás institucións sen fins de lucro ou empresas de traballo asociado.

CRITERIO	TIPOLOXÍA
Segundo os instrumentos utilizados	<ul style="list-style-type: none"> De oferta: dirixidas á estrutura das empresas da ES¹. Á súa vez, diferéncianse en dous subgrupos: i) de difusión, promoción, formación e investigación e ii) medidas financeiras (políticas orzamentarias) e políticas de apoio (información técnica, asesoramento, <i>networking</i>, etc.) De demanda: deseñadas para incidireo volume de actividades económicas das empresas de ES promovendo a súa contratación, por exemplo, facilitando o acceso ás empresas de ES á condición de provedor do sector público².
Segundo a súa intensidade	<ul style="list-style-type: none"> Políticas brandas (actuacións dirixidas a crear un ecosistema favorable ás empresas): instrumentadas a través de medidas institucionais, como o recoñecemento á súa capacidade para xestionar empresas³, ou medidas cognitivas⁴, por exemplo, para difundir o coñecemento da ES. Políticas duras (políticas económicas de fomento empresarial): instrumentadas por medio de actuacións sobre a oferta e/ou demanda.

Fonte: Chaves (2007), Fajardo (2012) e Comité Económico e Social (2018)

Notas: (1) Lotarías e xogos de azar como réxime financeiro (o caso do ONCE en España), fondos de emprendemento (réxime de capitalización por desemprego en España), Plataformas de ES a escala nacional (Confederación Empresarial Española de ES en España); (2) Contratos de subministracións ou reservados en España; (3) Programa operativo de ES, inclusión social e estratexia nacional en España; (4) Rede de investigación/mestrados universitarios en España sobre ES.

Haberá que esperar á década dos 80 para poder coñecer as primeiras actuacións en política social, establecidas pola Administración Xeral do Estado (Chaves et al., 2011). Baixo as mesmas establécense dúas liñas orzamentarias: *Desenvolvemento da Economía Social* e *Desenvolvemento do Fondo Social Europeo (FSE)*, políticas que pronto son transferidas ás Comunidades Autónomas (CCAA).

Paralelamente, os gobernos autonómicos, en función das competencias asumidas, establecen un conxunto de actuacións rexionais que complementan as actuacións públicas centrais, contando para iso con fondos europeos. O obxectivo destes fondos é o fomento do investimento e o emprego nas cooperativas, sociedades laborais, e a ES en xeral.

Unha cuestión que resulta necesario sinalar é o tratamento fiscal deste tipo de empresas. Na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas, establécense un conxunto de actuacións que poden favorecer o desenvolvemento destas actividades. Con todo, este conxunto de medidas tributarias, só son de aplicación as cooperativas con beneficios, o que limita a súa efectividade (Ferreiro et al., 2012). Unido ao anterior, medidas fiscais similares dirixidas ao fomento de emprendemento, e, sobre todo, ao micro e pequenas empresas, ampliaron as vantaxes fiscais iniciais que gozaban as cooperativas a outras entidades, o que provocou unha redución considerable deste trato diferencial (Chaves e Savall, 2013; Monzón et al., 2009, Vaquero, 2017).

Dentro do grupo de medidas estatais atópase a posibilidade de capitalizar a prestación de desemprego para os perceptores que se incorporen como socios de cooperativas

de traballo e de sociedades laborais (Real Decreto 1044/1985, de 19 de xuño, polo que se regula o abono da prestación por desemprego na súa modalidade de pago único polo valor actual do seu importe, como medida de fomento do emprego). Esta actuación permitiu a creación de novas iniciativas empresariais, especialmente pola vía das cooperativas de traballo asociado para persoas que queren reorientar a súa carreira profesional pondo en marcha novos proxectos (Fernández, Martín e Lejarriaga, 2010; Lejarriaga e Martín, 2010).

En marzo de 2017 aprobouse a Estratexia Española de Economía social 2017-2020. Segundo establécese na resolución acordada, o obxectivo é cumprir coa necesidade de considerar e potenciar os elementos diferenciadores das entidades da ES no marco dun mercado único e, ao mesmo tempo, fomentar o desenvolvemento das empresas da ES por medio de programas, proxectos e fondos, ademais de conseguir o seu desenvolvemento innovador a través dun ecosistema financeiro adecuado. Por medio deste documento búscase reforzar e potenciar os valores da ES e a súa proxección na sociedade española, debido á súa importante achega á xeración de emprego e a súa contribución á cohesión social. Entre outros obxectivos prevese a articulación dos medios necesarios para contar con información estatística de calidade das entidades da ES, cuestión imprescindible para reforzar o coñecemento deste tipo de empresas. En concreto, a Estratexia Española de ES establécese en relación a 11 eixos estratéxicos de actuación e 63 medidas.

Tendo en conta os obxectivos anteriormente expostos, na análise dos eixos de actuación (**Táboa 12.2**) é posible distinguir como cada un deles se orienta á consecución dos devanditos fins. Así, para a visibilización dos elementos diferenciais da ES e, particularmente, dos seus valores relacionase cos eixos destinados ao fomento da visibilidade das entidades da ES e a difusión da súa actividade, o fomento da igualdade de xénero e da inclusión social ou o impulso da Responsabilidade Social Empresarial (RSE) do sector. Os eixos dirixidos a potenciar as empresas do sector materialízanse no apoio ao emprego, ao emprendemento e á consolidación de empresas neste ámbito da economía. Nesta mesma categoría, outras liñas tenden a reforzar o papel de apoio ao ecosistema de ES, sexa de forma instrumental (eliminación das barreiras xurídicas que limitan o desenvolvemento do sector), institucional (fomento da participación institucional do sector; desenvolvemento a nivel internacional; vinculación coa Axenda dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable) ou procurando novos sectores onde as empresas poidan ter percorrido (xeración de mecanismos innovadores de participación da ES en sectores estratéxicos ou impulso da economía dixital en actividades de ES).

Táboa 12.2. Eixos estratéxicos de actuación da Estratexia Española de Economía social 2017-2020

- Eixo 1: Apoio ao emprego e ao emprendemento no ámbito da ES.
- Eixo 2: Impulso á consolidación de empresas da ES e o seu crecemento.
- Eixo 3: Análise e desenvolvemento do marco xurídico da ES, co obxecto de eliminar as barreiras que poidan impedir ou limitar o seu desenvolvemento.
- Eixo 4: Xeración de mecanismos innovadores de participación da ES en sectores estratéxicos.
- Eixo 5: Impulso da Economía Dixital nas entidades de ES.
- Eixo 6: Fomento da participación institucional da ES.
- Eixo 7: Desenvolvemento da ES no marco da Axenda Internacional e, en especial, en Iberoamérica, Europa e Mediterráneo.
- Eixo 8: Incremento da visibilidade das entidades da ES e difusión da súa actividade.
- Eixo 9: Fomento da igualdade de xénero e da inclusión social na ES.
- Eixo 10: Impulso da responsabilidade social no marco das entidades da ES.
- Eixo 11: Participación da ES no deseño e implantación da Axenda dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas.

Fonte: *Estratexia Española de Economía Social (2017-2020)*

Os distintos eixos artículanse nunha serie de medidas concretas, que se recollen na **Táboa 12.3**. Como se pode comprobar, cada un dos eixos antes definidos materialízase nun catálogo de accións definidas para simplificar e facilitar a consecución dos obxectivos estratéxicos. En particular, destacan todas aquelas medidas orientadas a facilitar a creación e consolidación das empresas de ES, como a creación do Rexistro Telemático de Cooperativas de Ámbito Estatal, que permitirá reducir trabas administrativas; o amplo abano de medidas para facilitar a substitución xeracional ou as actuacións tendentes a converter empresas mercantís ordinarias en entidades da ES. Tamén se aposta pola creación do Primeiro Catálogo nacional das entidades da ES e un Selo de Entidade da Economía Social. No campo de formación e profesionalización do capital humano, está previsto a posta en funcionamento dun certificado de profesionalidade específico para aES, como parte do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (CNCP).

En canto a súa implantación, a primeira Fase do Plan de Acción será ata 2019; a segunda fase abarcará ata 2020. Ademais, e para garantir a avaliación dos resultados, contemplase a elaboración dun informe anual ante o Consello para o Fomento da ES.

Táboa 12.3. Medidas de actuación da Estratexia Española de economía social 2017-2020

Eixo	Medidas de actuación
Eixo 1	<ol style="list-style-type: none"> 1. Análise da presenza e a proxección das entidades da ES co obxecto de recoñecer a súa contribución á xeración de emprego e o fomento do tecido empresarial. 2. Incentivar o emprego nas entidades da ES. 3. Formación dos traballadores e socios da ES; Apoio ás entidades representativas da ES na súa participación na Formación Profesional. 4. Promover a inclusión da ES en todas as actuacións de fomento do emprendemento, especialmente no autoemprego. 5. Traspoñer a Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública co obxecto de introducir vantaxes nas empresas de ES. 6. Impulsar a participación da ES na avaliación, deseño e na definición dos marcos estratéxicos para a coordinación e execución das políticas activas de emprego e de fomento do emprendemento. 7. Aplicar aos autónomos que traballan na ES das medidas a favor deste colectivo.
Eixo 2	<ol style="list-style-type: none"> 8. Integrar ás empresas da ES nas estratexias para mellorar a produtividade. 9. Apoiar e titorizar a transformación de empresas mercantís ordinarias en entidades da ES. 10. Crear cooperativas, sociedades laborais e outras fórmulas da ES. 11. Reforzar as medidas de coordinación co Plan Estatal de Integración Asociativa (2015-2020) 12. Apoio á internacionalización das empresas de ES.
Eixo 3	<ol style="list-style-type: none"> 13. Revisar a normativa para eliminar as limitacións ás entidades de ES. 14. Estudo do concepto de empresa social na normativa española e análise da súa posible relación coa normativa europea. 15. Adopción das medidas necesarias para garantir a eficacia da loita contra a fraude na ES. 16. Desenvolvemento normativo da Lei 44/2015 de Sociedades Laborais e Participadas. 17. Creación do Rexistro Telemático de Cooperativas de ámbito estatal. 18. Elaboración do Catálogo das entidades da ES. 19. Creación do Selo de Entidade da ES.
Eixo 4	<ol style="list-style-type: none"> 20. Promover que as empresas da ES participen en actividades de I+D+i. 21. Desenvolvemento e utilización das fórmulas de colaboración público-privada na prestación de servizos públicos. 22. Fomento da cooperación interinstitucional para o desenvolvemento da ES.
Eixo 5	<ol style="list-style-type: none"> 23. Fomentar o emprendemento nos sectores emerxentes e de base tecnolóxica e o emprendemento <i>on-line</i>. 24. Execución de estudos relativos ao desenvolvemento tecnolóxico e a implantación das TIC na ES. 25. Realización de xornadas, cursos e seminarios de formación en TIC aplicadas á ES.
Eixo 6	<ol style="list-style-type: none"> 26. Renovación do Consello para o Fomento da ES 27. Coordinación entre o Consello de Fomento da ES e outros Consellos análogos. 28. Impulso dos mecanismos de participación no Diálogo Social. 29. Impulsar a creación dun grupo de traballo de ES no marco da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais. 30. Impulsar a incorporación da ES ao Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. 31. Promover que a ES participe nos Comités de Seguimento do Fondo Social Europeo (FSE).

Eixo	Medidas de actuación
Eixo 7	<p>32. Dar visibilidade ás actuacións que se desenvolven no Programa Operativo de Inclusión Social e ES do FSE 2014-2020.</p> <p>33. Impulsar nas institucións europeas a aprobación dun Plan de Acción Europeo 2018-2020 en materia de ES.</p> <p>34. Impulsar as Declaracións das Conferencias Europeas en materia de ES.</p> <p>35. Promover a participación española nos foros europeos de fomento da ES.</p> <p>36. Reforzar a coordinación da acción no exterior entre os responsables dos Departamentos Ministeriais.</p> <p>37. Fomentar a inclusión da ES na axenda internacional do Goberno de España.</p> <p>38. Promover a cooperación e colaboración no ámbito da ES cos países da contorna mediterráneo.</p> <p>39. Intensificar a cooperación con Iberoamérica para o fomento da ES.</p> <p>40. Promover a participación de España na Academia sobre ES e Solidaria da Organización Internacional do Traballo (OIT).</p> <p>41. Reforzar a cooperación en materia de ES e Solidaria con outros países de Iberoamérica.</p>
Eixo 8	<p>42. Fomentar a elaboración de publicacións de calidade e estudos especializados sobre as entidades da ES.</p> <p>43. Promover a inclusión da ES nos currículos das diferentes etapas educativas.</p> <p>44. Promoción do Día Europeo das empresas da ES.</p> <p>45. Promover a información estatística da ES.</p> <p>46. Fomentar a transferencia de coñecementos entre as empresas de ES, a universidade e outras centros de investigación.</p> <p>47. Incrementar a visibilidade das entidades da ES nos sitios <i>web</i> das Administracións Públicas.</p>
Eixo 9	<p>48. Elaboración de informes sobre presenza de mulleres nas entidades da ES .</p> <p>49. Facilitar ás empresas de ES a súa integración en iniciativas destinadaspotenciar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.</p> <p>50. Promoción do coñecemento e do acceso ás entidades da ES para a implementación de medidas ou plans de igualdade.</p> <p>51. Xornadas técnicas sobre a aplicación dos principios de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de igualdade de trato e non discriminación, dirixidas a entidades da ES.</p> <p>52. Seguimento da evolución e publicación dos datos do número de persoas en situación de exclusión social en empresas de inserción e demais empresas e entidades da ES.</p> <p>53. Realización de informes de seguimento e avaliacións das medidas dende unha perspectiva de xénero.</p>
Eixo 10	<p>54. Promover a aplicación da Estratexia Española de Responsabilidade Social das Empresas (RSE) 2014-2020 á ES.</p> <p>55. Impulso á realización de memorias de RSE pola parte das entidades da ES.</p> <p>56. Xeración de espazos de boas prácticas e intercambio de experiencias en RSE para a ES.</p> <p>57. Promover a incorporación da RSE nas actuacións da ES.</p> <p>58. Apoio e coordinación coas ferramentas de medición da RSE en ES.</p>

Eixo	Medidas de actuación
Eixo 11	<p>59. Fomentar a participación da ES no deseño e implementación da estratexia ou estratexias a implementación e aplicación dos ODS a nivel estatal.</p> <p>60. Promover a incorporación das empresas de ES como un elemento crave do sector privado nas políticas de cooperación ao desenvolvemento.</p> <p>61. Apoiar accións de visibilidade que poñan en valor a contribución da ES aos ODS a nivel estatal e internacional</p> <p>62. Promover a inclusión da ES no Plan Nacional de Empresas e Dereito Humanos.</p> <p>63. Realizar accións de sensibilización e información dirixidas ao tecido empresarial da ES sobre os ODS.</p>

Fonte: Estratexia Española de Economía Social (2017-2020)

Unha vez revisada a norma o marco de desenvolvemento das medidas de fomento da ES, procederase á análise das medidas de ámbito autonómico, para proporcionar un cadro máis axustado do conxunto de instrumentos de apoio. Na actualidade, o fomento da ES é una competencia asumida polas diferentes CCAA. De feito, coa excepción das Illas Canarias²⁰, todas as CCAA exerceron as súas competencias para desenvolver unha norma reguladora de cooperativas ou de ES.

12.3. Marco autonómico

Co obxecto de focalizar as axudas á realidade máis próxima, nos últimos anos, as actuacións públicas trasládanse cada vez máis do goberno central aos autonómicos a través dunha dobre vía: extensión a máis colectivos e innovación no desenvolvemento e implantación de actuacións medidas de axuda máis adaptadas ás distintas realidades territoriais.

No relacionado co marco de axudas autonómicas, Chaves (2010) diferencia entre dous modelos: un de mínimos, con menor apoio, e outro avanzado, cun esforzo orzamentario maior e con máis medidas cualitativas de apoio, baseadas na diversidade e innovación. Entre a segunda das categorías destaca o fomento ao cooperativismo en Andalucía, País Vasco e Murcia (Chaves e Cardona, 2008; Chaves, Navarro e Arcas, 2011). Ademais, é preciso sinalar que estas actuacións, como consecuencia do importante reajuste orzamentario das políticas públicas sufriron importantes recortes, que poden condicionar a súa efectividade (Chaves, Savall e Monzón, 2016).

Finalmente, e como novidade a destacar, cabe sinalar un conxunto de experiencias autonómicas (no País Vasco, Cataluña e Galicia), que veñen apostando polo traballo en rede. Isto supón que o impulso da administración autonómica combínase coa consolidación dunha rede soporte de colaboración e coordinación entre diferentes organizacións.

En Galicia, as axudas ao desenvolvemento da ES están centralizadas nunha entidade especificamente deseñada a tal fin: a RedeEusumo. O seu establecemento sitúase ao amparo do Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea e regula o funcionamento da

²⁰ A Comunidade Autónoma de Canarias ten na actualidade un proxecto de Lei de Sociedades Cooperativas e un Anteproxecto de Lei do Terceiro Sector Social.

RedeEusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social (DOG do 27 de novembro do mesmo ano). Este Decreto abunda no papel do cooperativismo, por ser a figura societaria sobre a que Galicia ten competencias plenas tamén una das figuras mercantís da ES que conta con maior tradición, o que facilita a súa implantación. Estas características converten ao cooperativismo nunha ferramenta eficaz para alcanzar un dos retos aos que pretende facer fronte a Rede: o desemprego.

O proxecto nace coa vocación de aproximar o cooperativismo e a ES ás persoas. Indícase a necesidade de dotar de medios e recursos a todo o territorio de forma que todas as persoas e entidades interesadas poidan ter acceso a eles, para o que se establece a economía colaborativa como forma de traballo. Na súa Comunicación “Unha Axenda Europea para a economía colaborativa” (COM/2016/0356, de 2 de xuño de 2016), a Comisión Europea define esta como un “modelo de negocio nos que se facilitan actividades mediante plataformas colaborativas que crean un mercado aberto para o uso temporal de mercadorías ou servizos ofrecidos a miúdo por particulares”. No caso que nos ocupa, isto tradúcese en que as diferentes entidades socias da Rede poñan a disposición espazos e recursos no seu poder co fin de que poidan ser utilizados por aquelas organizacións socias que as necesiten.

O principal obxectivo da Rede Eusumo é o fomento, difusión e divulgación do cooperativismo e da ES, poñendo un especial interese no emprendemento e na creación e consolidación do emprego. Devandito obxectivo xenérico concrétase en diferentes actividades incluídas no articulado do Decreto citado:

- a) Facilitar información, formación, orientación e asesoramento en materia de cooperativismo e ES; difusión e fomento do autoemprego e o emprendemento; asesoramento e control de proxectos de ES cooperativas.
- b) Proporcionar e facilitar medios para o emprendemento, é dicir, poñer a disposición as instalacións e infraestruturas para poder acoller o inicio de proxectos empresariais de ES. Na mesma liña, aproximar os recursos das entidades colaboradoras a potenciais interesados.
- c) Aumentar o número de entidades e asociacións nas diferentes redes de intercooperación existentes, tanto nacionais como internacionais, para a promoción da ES e o cooperativismo.
- d) Fomento, difusión, promoción e divulgación das novas tecnoloxías da información e a comunicación, I+D+i e traballo en rede.
- e) Secundar a comercialización e a internacionalización, mediante cumios internacionais e transfronteirizos que fomenten a cooperación empresarial e o intercambio comercial.
- f) Elaboración de estudos e análises relacionados con temas de interese para a ES, así como para o desenvolvemento local.
- g) Elaboración de materiais formativos e divulgativos sobre ES cooperativismo.
- h) Seguimento de proxectos empresariais e de ES.

Como se pode observar, establécese un catálogo amplo de obxectivos que permite dar cabida a calquera actividade que se poida levar a cabo para o fomento e difusión do cooperativismo e a ES, destacando sobre todo as que teñen que ver co asesoramento e información.

A través da análise dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma (**Táboa 12.4**) é posible determinar o respaldo orzamentario das diferentes liñas de axuda (Consellería de Economía, Emprego e Industria; Secretaría Xeral de Emprego, Capítulo 4: transferencias correntes)²¹. As diferentes liñas se poden resumir en catro eixos de axuda:

- a) Promoción, estudo e difusión da ES.
- b) Cooperativas e Sociedades laborais.
- c) Cooperativas e ensino.
- d) Centros especiais de emprego e empresas de inserción.
- e) Outros programas.

Táboa 12.4. Dotación orzamentaria á Economía Social (2008-2019)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
PROMOCIÓN, ESTUDIO E DIFUSIÓN ECONOMÍA SOCIAL	2.415.754	2.479.913	2.091.907	2.286.821	2.142.336	1.810.757
COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS	3.646.755	3.515.955	2.973.584	1.935.000	2.805.846	1.483.750
COOP DE ENSINO					100.000	50.000
CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E EMPRESAS DE INSERCIÓN	9.000.000	8.055.000	8.205.000	13.680.000	13.680.000	8.122.000
OUTROS PROGRAMAS	103.000	103.000				
TOTAL	15.165.509	14.153.868	13.270.491	17.901.821	18.728.182	11.466.507

	2014	2015	2016	2017	2018	2019
PROMOCIÓN, ESTUDIO E DIFUSIÓN ECONOMÍA SOCIAL	1.674.693	1.308.619	1.921.367	1.750.934	2.067.625	2.980.625
COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS	1.850.000	3.168.217	3.261.953	3.481.899	1.850.000	2.568.155
COOP DE ENSINO	32.186	30.255				
CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E EMPRESAS DE INSERCIÓN	8.370.000	8.672.615	9.024.330	10.630.522	12.914.258	14.380.000
OUTROS PROGRAMAS			15.000	20.000	76.305	166.970


Fonte: Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia(2008-2019)

Unha primeira análise permite constatar a evolución crecente da dotación orzamentaria para o fomento da ES dende 2008. Como se observa no **Gráfico 12.1**, nos primeiros

21 No período 2008-2019 coexisten dous programas concretos de financiamento. O primeiro, Programa 322C de promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo, estivo vixente no período 2008-2015, sendo substituído a partires deste exercicio polo máis xenérico 324C Promoción da Economía Social.

anos hai unha evolución irregular: unha primeira etapa decrecente (2008-2009) sucedida dun bienio expansivo (2009-2012). A continuación, hai unha nova redución, sinalándose o ano 2013 coma o menor valor da serie de análise. A partir de ese ano, sen embargo, conséntase una clara evolución a alza ata a actualidade, cun crecemento en termo medio anual próximo ao 10 % (9,8 %).


Gráfico 12.1. Dotación orzamentaria á Economía Social (2008-2019)



Fonte: Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia(2008-2018)

Con independencia dos modificacións de dotación e as diferentes partidas incluídas en cada categoría, os cambios máis importantes obsérvanse nas liñas vinculadas cos centros especiais de emprego e empresas de inserción, que se incrementan en preto dun 60 % na última década (**Gráfico 12.2**).

Gráfico 12.2. Variación da dotación orzamentaria á Economía Social (2008 e 2019)



Fonte: Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia(2008-2018)

En termos relativos, o maior incremento correspóndese coas partidas enmarcadas en “outros programas”(62,11 %), aínda que como se reflectiu previamente (**Táboa 12.4**) son cantidades menores e non continuas no tempo.

Unha análise máis detallada das diferentes categorías de liña de axuda permite constatar o seguinte:

- a) Unha parte importante das axudas destínanse a proxectos orientados a realización de actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social por parte de entidades colaboradoras da Rede Eusumo. Estas partidas, que constitúen aproximadamente o 15 % do total do financiamento, son as de dotación máis estable no conxunto de anos analizados. O seu montante total mellorou algo máis dun 23,3 % nos últimos dez anos.

Trátase dun abano de actividades de promoción e divulgación da ES no que sesubvencionan os gastos derivados da realización dunha variedade actuacións orientada a acrecentar a presenza e o coñecemento das fórmulas en distintos ámbitos.

Nesta categoría inclúense partidas de colaboración coas diferentes Universidades galegas para a realización de estudos e investigacións, convenios coas cámaras de comercio e as entidades locais, formación dual e fomento do asociacionismo. De xeito destacado móstranse dúas partidas:

- O programa plurianual para os laboratorios cooperativos no rural, que ten por finalidade a dinamización de economía local no ámbito rural a partir da constitución dunha cooperativa ou sociedade laboral. Concretamente, se apoia o fomento de laboratorios cooperativos no rural e os proxectos empresariais colectivos.
 - Os premios ao cooperativismo, que permiten recoñecer a entidades que contribúan á difusión do cooperativismo (valores, proxectos ou traxectorias) e recompensar as cooperativas que velen traballando na consolidación do movemento cooperativo.
- b) Outra categoría relevante á a vinculada directamente co fomento do emprendemento en ES e o acceso á condición de persoa socia, parcialmente financiada con Fondo Social Europeo (FSE) e as transferencias estatais. Sen embargo, esta partida é a única que sufriu unha redución global, próxima ao 30 % no período de análise. Sen embargo, cae destacar o importante aumento observado dende 2014, fundamentalmente a partir da aparición do programa APROL de axuda á ES. O dito programa regula as subvencións dirixidas ao emprendemento colectivo, a través de cooperativas e sociedades laborais.
- c) Como xa se destacou, o maior incremento se produce na categoría de centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral. As axudas neste eido teñen como finalidade facilitar a inserción sociolaboral de persoas en situación de risco de exclusión social, incluíndo a subvención parcial do custo salarial, o apoio a entidades asociativas e as axudas directas a empresas de inserción laboral e entidades promotoras.

Por outra banda, e aínda que en menor medida, as administracións locais tamén levan a cabo políticas e fomento da ES. De feito nos últimos anos pódense atopar diferentes concellos e administracións locais que nas súas políticas de emprego inclúen as fórmulas de emprendemento da ES como preferenciais para ser apoiadas ou para acceder a recursos de pulo empresarial. Así atópase no clausulado das convocatorias de subvencións como as empresas de ES I poden alcanzar unha puntuación máis alta que outras fórmulas societarias. Este sería o exemplo do programa Compostela móvese ou as axudas do Plan de Emprego Local–PEL da Deputación da Coruña. Existen tamén proxectos que inciden no fomento e visualización da Economía social como o programa Semente do concello da Coruña ou o DepoEmprende da deputación de Pontevedra que achegan a fórmula cooperativa ao alumnado coa posta en marcha de cooperativas escolares.

Por último, cabe destacar que a recente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público debe supoñer unha nova fórmula para o fomento e posta en marcha das políticas públicas para as entidades de economía social (Vérgez, 2019). A Lei establecen dúas medias que poden ser grandes aliados para a compra pública responsable e que polo tanto esta recaian en entidades de economía social: as cláusulas sociais e os contratos reservados. As chamadas cláusulas sociais permiten a administración licitante establecer criterios que melloren a execución do servizo dende unha óptica laboral, medio ambiental ou social. Por definición as entidades de economía social terán unha maior capacidade para poder cumprir con estas normas e etiquetas.

No referente aos contratos reservados estes aparece regulados expresamente na disposición adicional cuarta, onde se establece que “mediante acordo do Consello de Ministros o do órgano competente na administración autonómica e entidades locais, deberán de fixarse as porcentaxes mínimas de reserva do dereito a participar nos procedementos de adjudicación de determinados contratos ou de lotes para centros Especiais de emprego de iniciativa social e das empresas de inserción reguladas”. Tamén se recolle que se esta porcentaxe non é fixada esta quedará establecida nun 7 % que se incrementará nun 10 % máis nos próximos catro anos.

Como se pode observar ambas medidas, sobre todo a segunda, convértense en ferramentas moi útiles para o fomento de entidades de economía social xa que xera un mercado reservado para exclusivo para algunhas destas empresas. Debido ao pouco percorrido desta norma quedaría pendente levar a cabo un estudo máis detallado do seu impacto real nas entidades de ES.

En conxunto, pese a tendencia crecente observada, é preciso sinalar que as políticas públicas en ES precisan dunha serie de mellores, tal e como se expuxo en CIRIEC (2018). En primeiro lugar bótase en falta a existencia de organismos gobernamentais especializados, ao non contemplarse unha estratexia nacional suficientemente definida para a ES. Esta falta de actuacións públicas pode responder a que nas axendas políticas non se considera unha prioridade, posto que a ES ocupa un segundo plano nas actuacións públicas. Neste sentido, cómpre sinalar a necesidade de implantar de forma decidida a Estratexia Galega de Economía Social, aprobada polo Consello Galego Economía Social en decembro de 2018.

Diríxese a máis de 3.000 entidades de Galicia en particular ás cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción, seguindo as directrices indicadas na Disposición Adicional quinta da Lei 6/2016, de 4 de maio, de Economía Social de Galicia, que indicaba a necesidade de prestar unha especial atención ás entidades que xeran emprego nos sectores máis desfavorecidos.

A dita estratexia fixa tres obxectivos a alcanzar: (1) xerar máis emprego e de maior calidade, (2) garantir unha mellor redistribución dos recursos e (3) favorecer a cohesión territorial. Ademais, establece unha serie de retos adicionais: sumar capacidades, sumar sustentabilidade e sumar identidade. Conta cun orzamento total de 73 millóns de euros e un prazo temporal de dous anos que transcorre entre o bienio 2019–2021.

No primeiro dos retos, sumar capacidades, agrúpanse aquelas medidas que pretenden fomentar a ES entre o alumnado, o impulso aos laboratorios cooperativos do rural, a promoción do emprendemento feminino ou os incentivos a empresas de nova creación. O segundo reto, sumar sustentabilidade, engloban aquelas medidas que contribúen á consolidación de empresas e a internacionalización, o impulso á investigación e a innovación, o fomento da responsabilidade social empresarial ou a actualización da normativa existente facendo unha especial referencia a lei de cooperativas de Galicia. Por último, o terceiro reto, sumar identidade, está dirixido a visualizar e aumentar o sentimento de pertenza á ES. Inclúense neste último reto a publicación dun catálogo de entidades, a posta en marcha do Consello Galego de economía social, a dinamización da Rede Eusumo ou o fortalecemento do tecido asociativo.

En segundo lugar, prodúcense numerosos cambios de calado nas normativas sectoriais relacionadas coa ES que pode impedir a súa creación e/o expansión. En terceiro lugar, as vantaxes tributarias inicialmente existentes para as entidades da ES téñense estendido a outras institucións, o que supuxo unha diminución clara nos beneficios fiscais de partida, o que pode frear o desenvolvemento destas entidades. En cuarto lugar, aínda non se procedeu a avaliar o impacto das actuacións públicas en ES. En quinto lugar é moi relacionada coa recomendación anterior, a información estatística sobre ES é aínda algo escasa e cárcese de datos para medir os resultados dos esforzos orzamentarios nacionais e rexionais, elemento fundamental para poder axustar as actuacións ás necesidades.

Finalmente, débese instar a todas as administracións públicas a establecer a porcentaxe de contratos reservados a realizar así como a cumprir con ditos requisitos. Tamén é imprescindible que a aplicación das cláusulas socias para a mellora da compra pública responsable e así realizar de xeito indirecto políticas de apoio á ES.

12.4. Tecido asociativo de apoio á economía social.

No ordenamento xurídico español aparece recollido, dende a aprobación da Constitución Española (CE), a necesidade da existencia de asociacións empresariais que representen os intereses das entidades que a forman. Esa mesma vontade aparece tamén reflexada na

Lei 6/2016, de 4 de maio, de Economía Social de Galicia, que no artigo 8 indica que as entidades reguladas nesa norma "*poderán constituír asociacións que representen e defendan os seus intereses*" e tamén indica que "*estas poderán agruparse entre si*". Ao mesmo tempo, o citado artigo 8, reflexa a obriga do executivo de apoiar o tecido asociativo, e insta á Xunta a impulsar e promover a creación de entidades de integración do sector.

Na actualidade Galicia conta con unha única entidade asociativa, de recente creación, que representa ao conxunto das entidades de ES: O Foro galego pola ES; e un conxunto de organizacións asociativas sectoriais que representan as diferentes entidades que aparecen recollidas na Lei 6/2016 de Economía Social de Galicia agás no referente ás fundacións e asociacións con actividade económica. A continuación preséntanse, brevemente, as máis destacadas así como os dous órganos consultivos existentes na materia: o Consello Galego de ES e o Consello Galego de Cooperativas.

Foro Galego de Economía Social:

Preséntase nos primeiros meses de 2018 pero non se constitúe formalmente até xuño de 2019 despois de madurar a súa configuración. Defínese como un espazo de encontro que representa a toda a ES en Galicia. Na actualidade conta coas seguintes entidades socias: Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA), Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia (AESGAL), Asociación Galega de Cooperativas (AGACA), Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego se Ánimo de Lucro (CEGASAL) e a Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP.

Sustentada nos principios e valores recollidos na Lei de Economía Social de Galicia, o Foro Galego de ES conta con tres obxectivos: (1) Visibilizar a ES perante a sociedade e os principais axente económicos; (2) representar os intereses da ES diante dos diferentes axentes políticos, económicos e sociais; (3) xerar as condicións para o desenvolvemento das entidades de ES galega a través da intercooperación e o acceso aos procesos de contratación pública.

Entidades representativas do cooperativismo.

As unións, federacións e confederacións de cooperativas están reguladas no artigo 133 da Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia, que foi modificado pola Lei 6/2016, de 4 de maio, de Economía Social, co fin de introducir a posibilidade de que existan entidades representativas que agrupen a cooperativas de diferentes clase, que até ese momento non era posible.

Na actualidade pódese identificar en Galicia tres entidades que se atopan dentro das máis representativas neste eido. Unha destas entidades é multiclase, e as outras dúas de clase: agrarias e transporte.

Asociación Galega de Cooperativas Agrarias - AGACA

É a entidade representativa do cooperativismo agrario na comunidade tanto no ámbito da súa conxuntura económica, empresarial e social, como no da dimensión humana e profesional das persoas socias. Conta con 31 anos de historia, o que a sitúaa como unha das decanas do asociacionismo cooperativo en Galicia. Compóñena un total de 91

cooperativas e sociedades agrarias de transformación do ámbito agrogandeiro: viño, mel, vacún, ovino e caprino, ave, porcino, coello, horta, froita, flor, de crédito...

Na faceta institucional, destaca a súa presenza nos foros onde se tratan os intereses do cooperativismo a nivel estatal e internacional. Así, destaca a súa participación en Cooperativas Agroalimentarias de España ou no Comité Xeral Europeo de Cooperación Agraria – COGECA.

Unión de cooperativas -ESPAZOCOOP

